

## FILGUEIRA VALVERDE, UN PROFESOR - ALCALDE NAS CORTES

Xesús Ferro Ruibal  
Real Academia Galega

**Resumo:** Análise descritiva da intervención de Xosé Filgueira Valverde (profesor e alcalde) nas Cortes Generales Españolas entre o 26/XI/1959 e o 12/XI/1971. Este traballo, que se sitúa á marxe da valoración política, describe e documenta unha actividade parlamentaria que se concentra na recuperación do Dereito civil de Galicia, nas necesidades municipais, no recoñecemento dos dereitos políticos da muller e dos mozos pero, sobre todo, na profunda reordenación do sistema educativo, no que propugnou sucesivas reformas parciais ata chegar á Lei Villar Palasí que non só introduciu un novo sistema de educar, de avaliar e mesmo de Centro Escolar senón que tamén incorporou a lingua galega ó ensino en 1970. Remata pedindo unha tese de doutoramento específica, dada a enorme cantidade de material.

**Abstract:** Descriptive analysis of the interventions by Xosé Filgueira Valverde (teacher and mayor) in the Spanish General Court from 26/XI/1959 to 12/XI/1971. The present work documents a parliamentary activity without including any political evaluation. This activity was focused on the recovery of Galician Civil Law, as well as on municipal needs, on the recognition of political rights for women and young people, and, above all, on the deep reorganisation of the education system. On this issue he implemented continuously partial reforms until the *Villar Palasí Act*, which not only introduced a new system of education and of evaluation, and even a new system of school centres, but also inserted Galician language into education in 1970. This paper finishes asking for a specific thesis on that matter due to the huge amount of material.

**Palabras chave:** Xosé Filgueira Valverde, sistema educativo, Dereito civil de Galicia, dereitos políticos da muller e da mocidade, administración municipal, lingua galega no ensino.

**Key words:** Xosé Filgueira Valverde, education system, Civil Law, political rights for women and young people, municipal administration, galician language in education.

## 1. QUE ERA UN PROCURADOR EN CORTES

### 1.1. TIPO E CRONOLOXÍA DO PROCURADOR FILGUEIRA

Acabada a Guerra Civil (1936-1939), houbo, a partir de 17/III/1943, unha Cámara legislativa que se chamaba *Cortes Españolas*; e os membros eran *procuradores*. Había inicialmente dous tipos de procuradores: os *natos* (por representaren certas institucións<sup>1</sup>) e os *designados* directamente por Francisco Franco. Xosé Filgueira Valverde foi procurador nato dende o momento en que asumiu a alcaldía dun municipio (Pontevedra) que era capital de provincia (27/X/1959) e entrou nas Cortes o 26/XI/1959.

Pero en 1967 unha Ley Orgánica do Estado (10/I/1967)<sup>2</sup> ampliou as Cortes incorporando un terceiro tipo de procuradores, os *elixidos* por sufraxio igual, directo e secreto entre cabezas de familia e mulleres casadas dentro de cada provincia<sup>3</sup>. Eran 108 procuradores máis: Filgueira presentouse a esas eleccións para a lexislatura IX (1967-1971) e saíu elixido por 107.766 votos (62 % dos votantes e 29% do censo).

Daquela as lexislaturas duraban tres anos (catro a partir da IX Lexislatura). Cando por primeira vez Filgueira se incorpora ás Cortes, a VI lexislatura xa levaba un ano andado. Este é o calendario da súa presenza nas Cortes:

Concepto	Lexislatura	Alta	Baixa
Administración Local	VI	26/XI/1959	18/IV/1961
Administración Local	VII	31/V/1961	6/VI/1964
Administración Local	VIII	3/VII/1964	15/XI/1967
Representantes da Familia	IX	6/XI/1967	12/XI/1971

Fonte: Congreso de los Diputados. Histórico de Diputados (1810 - 1977)

### 1.2. UN PROCURADOR ATENTO ÁS CUESTIÓN DIDÁCTICAS E MUNICIPAIS

Ignoro cal era nos anos sesenta o ritmo de traballo das Cortes Españolas. O que si sabemos é que entre novembro de 1959 e de 1971 Filgueira nunca descoidou a cátedra nin o Museo nin a alcaldía nin as publicacións, fóra o caso que veremos en 6.2. Así que, por forza, tivo que estar ausente do debate parlamentario de numerosos

1 Entre elas, os reitores das Universidades (Filgueira cadrou alí con varios reitores da USC) e os alcaldes de cidades que eran capital de provincia.

2 [http://www.congreso.es/docu/PHist/docs/8fran/ley\\_organica\\_estado.pdf](http://www.congreso.es/docu/PHist/docs/8fran/ley_organica_estado.pdf) Véxase a Disposición adicional 3ª; art. 2º e. Esta Ley Orgánica del Estado (LOE) pasou un referendo o día 14/XII/1966 e asinoua Franco o 10/I/1967. Tanto o texto desta extensa LOE (1, 1967) coma o propio referendo foron obxecto de contestación social, da que destacan as arriscadas e precisas críticas que manifestaran en tempo tanto o ex-ministro de Educación (1951-1956) Joaquín Ruíz-Giménez como a súa revista *Cuadernos para el Diálogo* que fixo campaña pedindo o voto en contra.

3 [http://www.congreso.es/portal/page/portal/Congreso/Congreso/Hist\\_Normas/PapHist/CortEsp](http://www.congreso.es/portal/page/portal/Congreso/Congreso/Hist_Normas/PapHist/CortEsp)

asuntos pero nunca faltou ó debate intenso daqueles temas que lle interesaban especialmente e que el marcou como prioritarios na súa axenda. As ausencias e as presenzas de Filgueira nas Cortes, xa en si mesmas, conteñen información.

Para coñecer a actividade de Filgueira nas Cortes, solicitei acceso á documentación histórica e os servizos das Cortes Generales<sup>4</sup>. É certo que ata 1970 non se publicaban os debates que tiñan lugar nas comisións e, polo tanto, non hai diarios de sesións das Comisións; pero dixitalizáronse as chamadas *cuartillas taquigráficas* que conteñen os debates e esas son as que, sen ter que ir a Madrid, permitíronme seguir con certo detalle as intervencións de Filgueira nas Cortes nas lexislaturas VI, VII, VIII e IX<sup>5</sup>. Deste xeito accedín a unha documentación voluminosa, como é habitual en Filgueira.

Citarei as fontes como ACE.NT (Archivo de las Cortes Españolas. *Notas Taquigráficas*) ou como ACE.BO (Archivo de las Cortes Españolas. *Boletín Oficial*).

Nestas notas taquigráficas (e, na súa última lexislatura, no *Diario de Sesións*) encontrei intervencións de Filgueira que nacen da súa experiencia como alcalde (fiscalidade municipal, tensión entre conservación do patrimonio e desenvolvemento urbanístico); outras nacen da súa visión humanística (acceso da muller e dos mozos e mozas maiores de 21 anos non só ó voto senón tamén á xestión municipal); outras son o remol do seu autonomismo (recuperación do dereito foral). Pero a maior parte das intervencións do procurador pontevedrés teñen que ver co sistema educativo e aparecen nas súas sucesivas reformas parciais e, sobre todo, na gran reforma que supuxo a Ley General de Educación de 1970 (LGE 1970), coñecida como Lei Villar Palasí, que é a primeira que, polo seu carácter integral, pode citarse ó nivel da sonada Lei Moyano de 1857. Nos debates de materia educativa Filgueira aparece con frecuencia como membro da Comisión e algunha vez da Ponencia.

Este feito, cuantitativamente medible, constitúe unha resposta indirecta pero fiable á pregunta tan manida de por que un intelectual galeguista e autonomista aceptou ser alcalde e procurador en Cortes<sup>6</sup>; por que interveu directamente na política durante o franquismo; por que practicou iso que outros denominaron o *entrismo* (entrar no “aparato” para modificarlle o funcionamento). Presumo que a resposta pode formularse hoxe con palabras do propio Filgueira: foi unha maneira de ser profesor, de ser educador e de ser fiel a aquilo que aprendera de Losada Diéguez: “aproveita-las ocasións para face-lo ben que se poida, erguer obras duradeiras e defendelas” (Filgueira 1989: 355).

4 Paréceme xusto personaliza-la miña gratitude en Margarita Barquilla Jiménez (arquiteira-bibliotecaria das Cortes) e tamén en Rosario Martínez-Cañavate Burgos.

5 Tras aproveitar esta información, depositeina no Arquivo da Fundación Filgueira, correspondendo así á hospitalidade con que me permitiron acceder a ese arquivo familiar.

6 Fortes Bouzán, militar e historiador, refíre que dunha vez Camilo Alonso Vega, o xeneral ferrolán e ministro de Gobernación que nomeaba os alcaldes, encontrou a Filgueira e díxolle –*Así que chegou a la alcaldía pese a haber sido galleguista!* E Filgueira respondeu: –*Sigo siéndolo, señor ministro* (*La Voz de Galicia* 9/VII/1995).

Non son suposicións sen fundamento, se temos en conta o que se verá no apartado seguinte.

## 2. INCISO NECESARIO: A CRÍTICA DE FILGUEIRA EN 1946 Ó PLAN DE ESTUDIOS DE 1938

En xullo de 1946, sete anos despois de acabada a Guerra Civil (1936-1939), Filgueira publicou en *La Noche*<sup>7</sup> catro documentadas críticas ó *Plan de Estudios* implantado durante a Guerra (1938). Acábaos de rescatar coa súa habitual oportunidade Luís Alonso Girgado (Filgueira 2016a: 150-167)<sup>8</sup>.

Estes artigos non son en 1946 unha arroutada crítica (que sería suicida) senón unha advertencia técnica dun catedrático que sabía do que falaba, dende había tempo. Filgueira xa en 1934 era no Seminario de Estudos Galegos (SEG) membro da Sección de Pedagogía e participara na redacción do “Proxecto de Estatutos do *Patronato da Escola Rural Galega para o ensaio de métodos, investigacións agrícolas na escola, formación de mestres, edición de libros para as escolas e de estadísticas e mesmo rexencia de centros escolares de tipo superior*. Ponencia dos señores Filgueira, Núñez Búa, García Vidal e Alonso, 1933, pendente de aprobación” (Seminario de Estudos Galegos 1934: 68-69). Desta idea (que xa formulara Sarmiento<sup>9</sup>) só chegaría a realizarse un Colexio privado, o Colexio Fingoi, de Lugo. Filgueira tamén participara nos traballos da *Historia do ensino en Galicia* (Seminario de Estudos Galegos 1934: 69), dera un Curso de Literatura Galega na Universidade (1933), fora axudante de Literatura española no Instituto (dende 1933), era catedrático dende 1935, era coautor de manuais de *Lengua y Literatura Española* (1936 e 1937). Creara en 1932 e publicara en 1936 unha peza teatral para as aulas do ensino medio sobre o necesario sentido social que debe ter quen ensina e tamén quen goza do privilexio de poder dedica-los anos da adolescencia e da mocidade a estudar (*Agromar*; Filgueira 1936a) e trala guerra foi elaborando diferentes adaptacións do teatro clásico español ó nivel escolar. Precisamente o 1 de xullo de 1936, mes

7 Seis anos máis tarde, Filgueira volvería insistir na necesaria reforma do ensino nun artigo publicado no ABC (7/XII/1952) (Filgueira 2016b: 33-35) e días despois en *La Noche* (11/XII/1952) (Filgueira 2016a: 248-250).

8 A Luís Alonso Girgado, experto en literatura sudamericana, débémolle tamén unha obra inxente realizada no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e que consiste na recuperación facsimilar de 63 cabeceiras de revistas formadas por prensa galega emigrante [<https://www.cirp.es/w3/proxectos/proxecto-recuperacion-emigracion.html>] e por revistas poéticas galegas [<https://www.cirp.es/w3/proxectos/>]. A isto súmanselle textos poéticos galegos [<https://www.cirp.es/w3/proxectos/proxecto-recuperacion-poemarios.html>] e maila dirección dos 32 volumes dos *Cadernos Ramón Piñeiro*, dos que o número 31, 2015 (coordinado por Luís Cochón e Laura Mariño) é un monográfico multiautorial dedicado á figura de Filgueira Valverde.

9 2.265. – “Fray Martín Sarmiento, precursor de La Misión Biológica de Galicia” en *Misión Biológica* 15/IV. (Carpeta 79 do Arquivo Filgueira). Cita 2265 do Catálogo de Fortes (1996).

do inicio da guerra civil, redactou a petición da *Revista Pedagógica* de Madrid un artigo titulado “Sobre el problema del bilingüismo en Galicia”, 10 folios nos que xa fai referencia ó novo *status* do galego trala aprobación do Estatuto de Autonomía (Filgueira 1936b<sup>10</sup>). Ende mal o inicio da guerra non só deixou inédito este artigo senón que supuxo a morte da propia *Revista*. Dende 1944 era director en funcións do Instituto de Pontevedra.

Neses artigos de 1946 en *La Noche* (Filgueira 2016a: 150-167) Filgueira verte toda a súa experiencia e di textualmente: “El maestro tiene que reaccionar contra el plan que, lejos de ser un buen medio, oponga trabas, pequeñas o grandes, a las auténticas finalidades de la presencia de los alumnos en las aulas”.

*Reaccionar contra el plan* (ministerial) son palabras maiores para publicalas sete anos despois de acabada a guerra e só a tres de que o Goberno de Franco autorizara a creación do Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos (30/XI/1943) para recuperar parcialmente o Seminario de Estudos Galegos e cando aínda faltaba un ano para que o Ministro Ibáñez Martín viñese inaugurar-la nova sede do IPSEG (1947) (García 2015: 278-284). Pero estes informes críticos, que sorprenden pola data (1946) e pola independencia de criterio, confirman que a cuestión educativa era e había de se-lo núcleo central da actividade de Filgueira nas Cortes Españolas.

Dado que boa parte da actividade parlamentaria de Filgueira terá que ver coa reforma do ensino, resumirei en concisos cadros as críticas que Filgueira lle fai ó Plan de 1938 e as alternativas que el propón en 1946.

Defectos do Plan de 1938	Obxectivos didácticos que propón Filgueira en 1946
Ingreso prematuro no ensino medio (10 anos).	Ingreso no ensino medio (11 anos).
Excesivo número de materias (de 10 a 13) que producen 10 horas de estudo ós catorce anos <sup>11</sup> .	5 ou 6 materias por curso. 4 horas de clase. Máis intensidade e continuidade na exposición.
Ningunha materia de clase diaria e algunha de só 2 horas por semana.	Clase diaria para aquelas que son troncais. Máis horas de clase por materia. Menos materias.
Non prioriza Gramática e Matemática, dispersando a atención do alumno	Priorizar Gramática e Matemática, eixes da promoción intelectual.

<sup>10</sup> O artigo pódese ler íntegro en [filgueiravalverde.gal](http://filgueiravalverde.gal).

<sup>11</sup> Di Filgueira que o Plan de 1938 esixía en cada Centro un mínimo de 224 horas semanais de clase e 112 de estudos e xogos dirixidos, que representaban máis de 56 horas diarias de traballo escolar; engade que estas cifras se duplicaban nos Centros mixtos, coma o seu Instituto de Pontevedra onde se chegaba a impartir 128 horas diarias de clase (cantidade de traballo que xa non era posible distribuír en función de criterios pedagóxicos) e onde os alumnos de catorce anos tiñan unha xornada de dez horas de estudo.

Defectos do Plan de 1938	Obxectivos didácticos que propón Filgueira en 1946
Un bacharelato de Linguas con 5 linguas no mesmo curso.	Un bacharelato con 2 ou 3 linguas no mesmo curso.
Non distingue entre Bacharelato Elemental e Superior con exame intermedio.	Distinguir un Bacharelato Elemental (4 anos con reválida) e un Bacharelato Superior con certa especialización voluntaria pero sen esixir elección prematura da carreira (2 anos con reválida).
Ausencia de coordinación de materias.	Coordinar materias de xeito que se complementen e distribuíndoas en ciclos de xeito que o alumno dispoña das claves previas que vai precisando.
Prioridade do aprender sobre cultivo da personalidade.	Prioridade do cultivo da personalidade.

Nos primeiros anos da posguerra unha parte importante do ensino, maiormente primario, estaba en mans de espontáneos. Filgueira recoñece o dereito a ensinar de pais, amigos, enxeñeiros, militares ou curas de aldea<sup>12</sup> pero nega que poidan certificar oficialmente a competencia dos alumnos: a función docente e a examinadora son diferentes e non chega co Exame de Estado, se polo medio examinadores privados certifican anualmente os estudos dos seus alumnos. Caso diferente é o do ensino colexiado, onde os profesores, debidamente titulados para esa función e en Centros controlados pola Inspección do Estado, certifican o aproveitamento: neste caso, Filgueira cre que estes profesores deben estar presentes pero en minoría no exame posterior nun Centro do Estado. Nos Centros do Estado os alumnos recibirían o título dos seus propios profesores, certificando a Inspección o correcto funcionamento do Centro. Filgueira considera 300 alumnos a capacidade ideal dos Institutos para a dotación que teñen de profesorado e instalacións.

Podemos dicir que o eixe da proposta de Filgueira está na redución de materias e de horas de clase e na consecuente aparición de materias de clase diaria e de materias de clase alterna; no control público do aproveitamento escolar. Reducirei a un cadro a súa proposta:

<sup>12</sup> Todos lembramos, por exemplo, que Eduardo Pondal estudou na casa reitoral de Nemiña.

Proposta de Estudos Medios (Filgueira 1946)								
Examen de ingreso a los once años.								
Bachillerato Elemental								
	Clase diaria		Clases alternas					
1º	Lengua y Literatura (Gramática)	Matemáticas	Religión	Geografía Universal	Ciencias			
2º	Latín		Religión	Lengua y Literatura (Gramática y Teoría Literaria)	Geografía de España	Aritmética	Complementos educativos (Música, Dibujo, etc.) y Francés.	
3º	Latín		Religión	Lengua y Literatura (Literatura Universal)	Historia Universal	Geometría	Complementos educativos (Música, Dibujo, etc.) y Francés.	
4º	Latín	Matemáticas (Álgebra y Trigonometría)	Religión	Lengua y Literatura (Literatura Española)	Historia de España		Complementos educativos (voluntarios) y Francés.	
5º	Filosofía	Ciencias Físico-Químicas	Griego	Ciencias Naturales	Hª de la Cultura	Una lengua moderna, Latín o Matemáticas superiores (voluntarias).		
6º	Griego	Ciencias Naturales		Ciencias Físico-Químicas	Religión (Hª de la Iglesia y de la Cultura cristiana)	Una lengua moderna, Latín o Matemáticas superiores (voluntarias).	Literatura (Comentario de textos)	Filosofía
Examen final de Bachillerato a los 17 años.								
Posterior examen de ingreso en la Universidad.								

Do mal funcionamento do *Examen de Estado* (precedente remoto da actual Selectividade) ofrece o exemplo dun caso paradigmático, no que un alumno, que levaba do Bacharelato 8,26 de nota media e con Matrícula de Honor no ingreso e en tres dos sete cursos de bacharelato, só obtivo un aprobado nese *Examen de Estado* por fallar unha das 57 preguntas: sorprendentemente –en 1946– a pregunta era Federico García Lorca. Filgueira presenta o caso deixando que o lector faga tódolos comentarios.

No terceiro artigo entre pedi-la supresión ou o mantemento cego do *Examen de Estado*, Filgueira prefire sinalar remedios: revisar todo o sistema tanto na composición dos tribunais coma na orientación, contido e técnica das probas. Todo no ensino debe ser educativo e nunca o título pode importar máis có home.

Erros do Exame de Estado	Antídoto
Non hai exame capaz de valorar toda a capacidade, todo o saber e toda vontade de aprender dun alumno. É un erro fialo todo a unha proba.	Valorar debidamente o expediente escolar e que no tribunal dese Exame estean tamén presentes os profesores do alumno, testemuños e factores da formación e carácter do alumno.
Unha proba escrita tradicional pode ser imprecisa e non graduada para o diagnóstico.	Preparación previa e por especialistas dos temas e do sistema de corrección.
Os exercicios prácticos poden medir ben a destreza adquirida polo alumno pero non a asimilación de coñecementos e madurez de xuízo.	O Exame de Estado deberá ser teórico e práctico.
Exame oral, marcado pola ausencia de tempo e pola tensión do alumno e a fatiga do examinador	Deben dar tempo ó alumno a reflexionar antes de responder e deben sacarse os temas aleatoriamente, coma nas oposicións.
A dificultade desproporcionada das preguntas aumenta cando os examinadores son catedráticos universitarios ou investigadores sacados por uns días da biblioteca ou dos laboratorios pero que xa están lonxe do ensino medio.	Os examinadores deben ser profesores con experiencia de ensino medio: só así as preguntas poden te-lo necesario “carácter medio”.
Reactivos de madurez (tests) poden disfrazar-la actitude do alumno ante a vida, os problemas morais, a capacidade para futuros traballos, o sentido crítico.	Mellor, unha composición literaria, impresións dunha lectura, reprodución dunha conferencia escoitada.
Teses escolares (d disertacións), exitosas no mundo anglosaxón.	Non sempre funcionan no mundo latino.
Probas unitarias para toda España nalgúns temas.	Mellor, normas claras e detalladas sobre o carácter e dificultade das probas.

Ignoro se aquela carga de catro artigos de xullo de 1946 tivo algún resultado. O feito é que cinco anos despois (1952) Filgueira volve cun artigo (7/XII no *ABC* e 11/XII en *La Noche*) no que co pretexto da picaresca reventa dos libros de texto (e mesmo das chuletas) afirma que “el país entero espera y desea que se aligeren de asignaturas los planes y de temas inoperantes los cuestionarios, que cambien ciertas formas de examen y que se favorezca la formación despreciando el memorismo automático” (Filgueira 2016a: 249)<sup>13</sup>.

<sup>13</sup> Este parágrafo só figura na reedición de *La Noche*.

### 3. ACTIVIDADE PARLAMENTARIA NA SEXTA LEXISLATURA (1958-1961)

Canto á primeira (VI Lexislatura) a documentación que recibín do Congreso de los Diputados referida a Filgueira levome a afirmar noutro momento (Ferro 2015a) que participara en 4 proxectos de Lei na Comisión de Hacienda (“para dar liquidez al ayuntamiento de Zaragoza”; “Construcción de la Ciudad Universitaria de Aragón”; “para pagar a funcionarios en Marruecos” e “Ley de Entidades Oficiales de crédito a medio y largo plazo”) e 5 proxectos de Lei na Comisión de Justicia (Dereito Foral de Vizcaya, Álava, Cataluña, Baleares e Propiedade Horizontal).

Posteriormente decateime de que algúns deses debates eran anteriores á entrada de Filgueira nas Cortes (novembro 1959) e tirando deste fío descubríñ que nese momento había nas Cortes dous procuradores que tiñan o mesmo primeiro apelido *Filgueira*. Os índices desta Lexislatura discriminan un Luís Filgueira Álvarez de Toledo que nesta lexislatura tivo estas intervencións

Comisión de Hacienda	9/XII/1958 (1 intervención)
Comisión de Justicia	4/VII/1959 (2 int.) // 30/V/1960 (14 int.)
Comisión de Trabajo	2/XII/1960 (25 int.) // 3/XII/1960 (5 int.)
Comisión especial sobre navegación aérea	5/VII/1960 (8 int.) // 6/VII/1960 (14 int.)

Neses índices figura outro procurador (do que o índice só dá o apelido *Filgueira*) pero algunhas datas das intervencións tamén impiden que fose Filgueira Valverde. Estas son as intervencións que lle sinala o índice das notas taquigráficas:

Comisión de Hacienda	9/XII/1958 (3 intervencións) // 10/XII/1958 (1 int.) e 11/XII/1958 (6 int.)
Comisión de Justicia	4/VII/1959 (8 int.) // 4/VII/1960 (9 int.) // 15/III/1961 (9 int.)

Observo que curiosamente boa parte destas intervencións coinciden en Comisión e en data coas do anterior Luís Filgueira. Nalgunhas notas taquigráficas aparece tamén un D. Pedro Filgueira<sup>14</sup> pero debe de ser un erro (por *Luis* ou por *José*?), dado que no Histórico das Cortes Españolas entre 1810 e 1977<sup>15</sup> os únicos procuradores de apelido *Filgueira* que figuran son Luís Filgueira e José Filgueira.

Este Luis Filgueira Álvarez de Toledo (procurador pola Organización Sindical entre 13/V/1946-15/III/1966, nomeado Director General de Trabajo en 15/IX/1958) ten os mesmos estudos (Filosofía e Letras; Dereito) que o Filgueira

<sup>14</sup> Como Secretario da Comisión de Justicia o 4.7.1959.

<sup>15</sup> [http://www.congreso.es/portal/page/portal/Congreso/GenericPopUp?\\_piref73\\_2138150\\_73\\_2138147\\_2138147.next\\_page=/wc/lecturaFicheros&idLeg=&tipo=abc&numFich=1&nomTit=F&nomFich=\\_dipuf&campForm=busquedaHistoricoDiputados.DIPU&seccion=diph&letra=f](http://www.congreso.es/portal/page/portal/Congreso/GenericPopUp?_piref73_2138150_73_2138147_2138147.next_page=/wc/lecturaFicheros&idLeg=&tipo=abc&numFich=1&nomTit=F&nomFich=_dipuf&campForm=busquedaHistoricoDiputados.DIPU&seccion=diph&letra=f)

galego e os dous publicaron algo de poesía. Do resto, o Filgueira vallisoletano era alto dirixente da Falange, membro da Vieja Guardia, e nesta lexislatura era secretario da Comisión de Justicia<sup>16</sup>.

En abstracto hoxe podería supoñerse que as intervencións referidas ós Proxectos de Lei de Compilación do Dereito foral de Vizcaya, Álava e do Dereito Civil de Cataluña e Baleares<sup>17</sup> poden parecer máis verosímiles no pensamento dun nacionalista galego e non tanto no dun membro da Vieja Guardia. Estas hipóteses de intencións carecen de todo valor sen documentación que as acredite. O que si pode dicir é que algunhas delas non me parece que teñan o estilo e o ton do Filgueira galego. Do mesmo xeito, coñecendo a preocupación de Filgueira Valverde polas economías municipais ou pola creación de universidades, tamén sería verosímil que sexa o noso Filgueira quen participa nos Proxectos de Lei para dar liquidez o concello de Zaragoza ou no de Construcción de la Ciudad Universitaria de Aragón pero tampouco o podo afirmar, ata que se poida encontrar confirmación nos documentos do Arquivo Filgueira. Precisamente Regueiro Tenreiro, que no inmenso arquivo da Fundación Filgueira consultou caixas que eu non toquei, di que o noso don Xosé participou no proxecto de lei sobre compilación do dereito das Illas Baleares e sobre inscrición dos actos e contratos que atribuían aos estranxeiros o dominio sobre inmóbeis sitios en determinadas zonas (Regueiro 2015: 392).

#### 4. ACTIVIDADE PARLAMENTARIA NA SÉPTIMA LEXISLATURA (1961-1964)

Nesta lexislatura (1961-1964) as notas taquigráficas das Cortes xa marcan sempre o apelido Valverde e isto permitiunos acceder exclusivamente ás intervencións de Filgueira Valverde que son as do seguinte cadro:

VII LEXISLATURA 1961-1964
Comisión de Educación Nacional: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Proyecto de Ley de Ordenación de la <b>Enseñanza Media</b>.</li> <li>- Proyecto de Ley de Reordenación de las <b>Enseñanzas Técnicas</b>.</li> </ul>

16 Luis Filgueira Álvarez de Toledo (Valladolid 1/IV/1909 - Coreses, Zamora 11/VII/1975), fixo Filosofía e Letras e Dereito (ata aquí coma o noso Filgueira). Foi un dos poetas da revista *Escorial*. En 1935 recibiu o Premio extraordinario do Colegio de Abogados de Madrid pola súa obra *La nacionalidad*. Pertencía á Falange Española de las JONS dende 1937 e era membro da Vieja Guardia; dentro do Sindicato era Jefe Nacional de Asistencia Contenciosa al Productor (foino ata o 26/I/1966. BOE 20/I/1966) e Jefe Nacional del Servicio Sindical de Estadística (B.O.Min.Aire 23/V/1961). Precisamente foi procurador pola Organización Sindical entre 1946-1967 e estivo na secretaría do Tribunal Supremo e en setembro de 1958 era secretario da Comisión de Justicia das Cortes e foi nomeado Director General de Trabajo (ABC 25/IX/1958).

17 No Congreso Nacional d Dereito Civil (Zaragoza: outubro 1946) acordárase compilar tódolos dereitos forais vixentes en España e posteriormente estuda-la integración harmónica no Dereito Civil Español. O Ministerio de Justicia nomeou Comisiones Regionales e a primeira que presentou o seu traballo parece que foi a de Vizcaya y Álava.

VII LEXISLATURA 1961-1964	
Comisión de Hacienda: – Proyecto de Ley de Reforma de las Haciendas Municipales <sup>18</sup> .	
Comisión de Información y Turismo: – Proyecto de Ley sobre Zonas y Centros de Interés Turístico Nacional.	

O Arquivo das Cortes fornece datos de 35 intervencións que se refiren a asuntos de Facenda municipal, de Educación e de asuntos relacionados co Turismo. Non deixa de ter algún interese que hai 24 referencias ó que el dixo previamente.

	Total	Asuntos		
Intervencións	35	Facenda municipal	Educación Nacional	Información y Turismo
Data		11/XII/1962 12/XII/1962	6/II/1963 17/III/1964 18/III/1964	10/XII/1962 Proyecto de ley de Zonas y Centros de interés turístico nacional
Referencias a el	24			

Nas cuestións de **Facenda Municipal** Filgueira reclama o 11/XII/1962 un pouco de cautela antes de suprimir pequenos impostos municipais, que, se ben se mira, permiten inspeccións que ninguén faría:

Es muy difícil comprender la vida municipal no viviéndola desde el Municipio, desde los cargos de alcalde, de concejal o de funcionario, y por ello se ha olvidado que muchos de estos impuestos no tienen su virtualidad en la cuantía, sino en la acción que a través de ella realizan los Ayuntamientos. A través de estos impuestos de muy pequeña cuantía, repito, ejercen los Ayuntamientos una acción que no se puede lograr por medio de bandos ni de multas. Hemos desgravado, por ejemplo, las tabernas, cuando este impuesto, siendo muy pequeño, permite a los Ayuntamientos exigir unas mínimas condiciones de higiene, que ahora va a resultar difícil lograr, aunque se eche mano de la amenaza de clausura o de una multa de 500 pesetas. Hemos suprimido el impuesto de espectáculos, que ciertamente era muy alto, sin detenernos a considerar si convenía bajar esta base impositiva mediante la cual los Ayuntamientos podían tener a su alcance una acción tutelar. Yo pido a los Sres. Procuradores que piensen cuánto se está exigiendo a los Municipios, y cómo es necesario, por tanto, que les dotemos de una holgada base económica, y también de una holgada base jurisdiccional.

18 O Índice do *Boletín oficial de las Cortes Españolas*, do ano 1962, páx. 39, especifica que Filgueira Valverde formou parte da Comisión de Hacienda “al solo efecto de su intervención en el examen del proyecto de ley sobre Reforma de Haciendas Municipales”.

Naturalmente, que no planteamos este problema desde el punto de vista de la economía municipal, puesto que las compensaciones serán suficientes, sino con el fin de poder realizar una eficaz acción municipal. (ACE.NT: 11/XII/1962).

Tamén intervén o 12/XII/1962 para pedir que se permita eleva-la taxa por construción nas zonas chamadas de Ensanche; reclama un mellor trato fiscal para os Concellos e, sobre todo, que haxa exencións para aqueles que teñen unha zona monumental (cousa na que se apoian o alcalde de Toledo e o de Pontevedra).

O día 6/II/1963, na **Comisión de Educación**, que elabora a que sería Ley de Enseñanza Media ten unha intervención na que pide que as Cortes non se limiten a un retoque neste nivel de Ensino senón que se faga una *Ley de base amplia*, porque el entende que, entre outras cousas, os rapaces deben entrar con máis idade no Instituto e debe suprimirse o curso Preuniversitario.

Somos muchos los españoles que lamentaríamos que se desaprovechara esta ocasión para enfocar el problema de una manera fundamental, como ha indicado el Sr. Aparisi, en vez de limitarnos a un retoque mínimo de la Ley de Ordenación de la Enseñanza Media. Hace falta una Ley de base amplia y, por lo menos, cuanto contemplamos en este momento, podríamos abordarlo de manera totalmente distinta. A ello conducen varias de las enmiendas que he presentado, que fundamentalmente afectan al límite de edad y a la supresión del Preuniversitario.

A mi juicio, hay dos cosas que han fallado en el actual Plan. Una de ellas es la edad de entrada. La escolaridad primaria de los alumnos es muy pequeña, y llegan al Bachillerato demasiado pronto. Se produce una discontinuidad pedagógica y se da un salto en el que se advierte falta de preparación, que obliga a una elección demasiado temprana en cuanto a la especialización que va a producirse después del cuarto curso. Para evitar la entrada demasiado temprana en la Universidad se creó el Preuniversitario, y con ello no sólo se produce una falta de adaptación pedagógica, sino también una serie de superposiciones de exámenes y de cursos auténticamente preuniversitarios o selectivos, para entrar en la Universidad.

Mi propuesta es que se entre en el Instituto a los once años, con lo que ganamos continuidad y preparación del alumno, porque ya se sabe que nuestros programas de ingreso no están adaptados a la mentalidad de los diez años. Nos pronunciamos, pues, por el ingreso a los once, con cuatro de Bachillerato elemental y dos de Superior, evitando esa serie de exámenes superiores, de madurez y selectivos que hoy existen. (ACE.NT: 6/II/1963).

Xa se ve que aquí fala o catedrático, director de Instituto e autor de libros de texto, que explicita nas Cortes aquelas ideas expresadas na prensa en 1946 na súa

crítica á Lei de 1938. Pero engade agora dúas cousas novas: que el xa consultou con altos Xefes das Escolas Militares e que están conformes coa proposta; e que, ademais, no I Congreso Nacional de la Familia (clausurado en Madrid o 17/II/1959 e do que el foi secretario) aprobárase a proposta de que no ensino medio se entrase ós **doce** anos<sup>19</sup>, e dicir, que a tendencia era retrasar aínda máis os anos de ingreso no Ensino Medio.

E na sesión do 6/II/1963 tamén pide que o título de bachiller elemental “sirva para el acceso a todos los Centros de grado medio, Escuelas Normales de Magisterio y Escuelas de Peritos”. E que non se poida saltar do ensino libre á Universidade sen pasar por un Centro oficial a face-lo Preuniversitario. Cando alguén lle di que iso discrimina os que traballan, Filgueira responde que para iso existe o Curso Preuniversitario (PREU) nocturno.

Precisamente lo que hace falta es que no puedan seguir por libre. Si no tienen medios económicos, se les deben dar becas. No se debe saltar de la enseñanza libre a la Universidad sino a través de un Centro. [...] Considero conveniente la escolaridad en el preuniversitario y la escolaridad en la Universidad, con dispensas en casos excepcionales. Sabemos por experiencia todos los que hemos intervenido en preuniversitario que es curso difícilísimo de montar, que requiere un personal muy especializado, que no se improvisa, y que el alumno no lo puede seguir por correspondencia, ni en la aldea, alejado de un Centro docente. La escolaridad en el preuniversitario es necesaria, y en el caso de que se dispense, ha de serlo por medio de una prueba que la sustituya. Es muy necesario que los alumnos asistan a conferencias y dialoguen con sus compañeros. (ACE.NT: 6/II/1963).

Insiste moito en que o PREU en ningún caso pode ser feito por libre, incontroladamente. E aproveita para pedir que se manteña a ximnasia, cousa que moitos ex-alumnos lembran que no Instituto de Filgueira era fundamental (disque podía perdoar unha inasistencia a unha clase doutra materia pero non á de ximnasia).

Si se va a buscar una fórmula realista, habrá que establecer que ese bachillerato, aunque pueda cursarse por libre, tenga que cursarse con continuidad docente en centros reconocidos o en centros de enseñanza oficial. Además añadiría, en cuanto a lo de la continuidad docente, que echo de menos que se haya suprimido el Preuniversitario a la Educación Física. (ACE.NT: 6/II/1963).

E pouco despois insiste:

<sup>19</sup> <http://www.mecd.gob.es/dctm/revista-de-educacion/1959/1959-094/1959re94cronica.pdf?documentId=0901e72b81892891>

En la redacción echo de menos una alusión a educación física, para que no quede excluida totalmente. (ACE.NT: 6/II/1963).

Cofeecedor do que é na práctica o curso de transición á Universidade volve insistir:

Del problema hay que separar dos cuestiones: una, donde puede cursarse el preuniversitario; y otra, cómo puede aprobarse. Respecto a la primera, se podrá cursar por libre, por oficial o en colegio reconocido, lo cual implica una serie de pruebas. Y en cuanto a como van a realizarse esas pruebas, hay que pensar que cuando se concibió el preuniversitario, se le dio tanta importancia a la escolaridad, que incluso se pensó, con gran acierto, que en las Universidades existiesen unos catedráticos, delegados del curso preuniversitario, que fuesen a los Institutos para dirigir las disciplinas correspondientes en función de la orientación universitaria. Pienso que lo de las pruebas trimestrales es convenientísimo, pero en materia de reglamento, y que puede el Sr. Tena recoger para estudiarlas al desarrollar la ley. Procedería decir en algún artículo que se puede cursar el preuniversitario por oficial, por libre o en colegios reconocidos; y en otro artículo decir que va a haber una prueba de madurez. Y después, reglamentar esto. La ventaja del preuniversitario consistió en que levantó el nivel de los centros y obligó a una preparación intensiva al profesorado. Si esto se suprime y va a haber una enseñanza libre, habrá que controlar a ese chico que cursa por libre obligándole a unas pruebas trimestrales o estableciendo un control por un sistema de libretas que sirva para guiar al alumno en este año de tránsito.

[...]

Los alumnos que hayan aprobado el sexto año van a tener un plan distinto del que sigan los que no hayan aprobado. Nos vamos a encontrar con que el preuniversitario va a tener un gran número de variaciones en cuanto a horarios y cuadro de profesores: letras, ciencias, inglés, francés, los alumnos que tienen aprobado el sexto y los que no lo tiene aprobado. Ustedes me permitirán que hable en nombre de la práctica y que exponga mi temor de que el preuniversitario va a resultar excesivamente recargado, cuando precisamente de lo que se trata es de aligerar las enseñanzas. (ACE.NT: 6/II/1963).

Mirado dende hoxe, parece que nos está falando non desta Lei senón da Lei Villar Palasí de 1970 e na que el tanto traballaría.

Intervén en decembro de 1963 na **comisión de Información e Turismo** na elaboración dunha Ley de Centros y Zonas de Interés Turístico Nacional para regula-lo procedemento a seguir para compatibilizar novas construcións turísticas co previo Plan Xeral de Ordenación Urbana. Hoxe sabemos que o asunto non era

un asunto menor e Filgueira pide introducir na lei dous mandatos: “la coordinación de las distintas jurisdicciones y el estímulo de la iniciativa privada”.

Di que a simetría nominal de *Plan de Ordenación Urbana* e *Plan de Promoción Turística* parece establecer unha perigosa identidade de nivel e propón un matiz de xerarquía: que este se chame *Estudio* (ou *Programa*) *Previo de Promoción Turística*. E pide tamén que nestas cousas teña que intervi-la “Dirección General de Bellas Artes, que tiene una relación directa con los monumentos”. Percíbese aquí a preocupación do Filgueira protector das zonas monumentais.

#### 4.1. DEREITO CIVIL DE GALICIA E OUTRAS INICIATIVAS DESTA LEXISLATURA

No territorio que hoxe é España houbo anteriormente outras entidades políticas soberanas. É natural que, como acontece na toponimia, subsistan vivas no Dereito algunhas normas xurídicas diferentes que dan fe de que preexistiron códigos diferentes. O Código Civil Español de 1889, basicamente uniformador, non deu solución ó feito de que en diferentes territorios seguían en uso real normas exclusivas deses territorios. No caso de Galicia están vivas normas antigas que regulan de maneira moi peculiar as comunidades de montes, as de augas, a aparceiría, os muíños, as serventías, as melloras, a compañía familiar, o contrato vitalicio co que será herdeiro, o retracto e moitas outras cousas específicas de Galicia que sempre foron de obrigado cumprimento. O problema era que non figuraban nos Códigos aínda que delas había boa constancia nos Xulgados: funcionaban, coma o *Common Law* inglés, asentadas na tradición e non en lexislación escrita<sup>20</sup>. Filgueira, que tamén era xurista e fora membro do SEG<sup>21</sup>, participou na redacción escrita e formal deste primeiro código consuetudinario galego, dentro dunha específica Comisión Parlamentaria (coas catro Deputacións, os Colexios de Notarios, os de Rexistradores da Propiedade e a Universidade de Santiago). O texto resultante, revisado polo Goberno, debateuse e aprobouse nas Cortes o 28/XI/1963<sup>22</sup>. Esta redacción, que foi un avance fronte a rixidez uniformadora do Código Civil español de 1889, era aínda imperfecta pero abriu o camiño para que o Estatuto de

20 Di o BOCE 813: 28/XI/1963, 17190 a: “Intervinieron, sobre todo, en los debates los señores Muñoz González, González Sama, Ballarín, Hernández Navarro, Filgueira, Macián Pérez, Rivas Guadilla, López-Acevedo, López Palop, Gómez de Aranda y Rodríguez de Lecea (por la Comisión) y Marín Pérez, Alonso Fernández y Pedrosa Latas (por la Ponencia)”.

21 É sabido que o Seminario de Estudos Galegos tivo unha sección de Ciencias Sociais, Xurídicas e Económicas que dirixiu Lois Tobío Fernández. Pero, aínda que se estudaron coutos e xurisdicións, concellos e Real Audiencia, os traballos xurídicos centráronse na elaboración do anteproxecto de Estatuto de Galicia e non lles deu tempo a iníci-lo traballo da compilación do Dereito Galego.

22 ACE.BO (28/XI/1963), e no BOE 5/XII/1963 como Lei 47/1963 [<https://www.boe.es/boe/dias/1963/12/05/pdfs/A16973-16982.pdf>]. Véxase tamén [http://redemuseistalugo.org/archivos/docs/2141\\_Polidiptico\\_50%20aniversario%20da%20compilaci%C3%B3n%20do%20Dereito%20Civil%20Especial%20de%20Galicia.pdf](http://redemuseistalugo.org/archivos/docs/2141_Polidiptico_50%20aniversario%20da%20compilaci%C3%B3n%20do%20Dereito%20Civil%20Especial%20de%20Galicia.pdf)

Autonomía incluíse os arts. 27,4<sup>23</sup> e, sobre todo, o art. 38<sup>24</sup>, que permitiron xa elaborar unha mellor Lei de Dereito Civil de Galicia (Lei 2 de 14/VI/2006) (DOG 29/VI/2006 e BOE 11/VIII/2006).

Regueiro Tenreiro (2015: 393 e 397) engade que o 25/XI/1961 presentou unha enmenda á *Ley sobre renovación de protección de la flota pesquera española*, importante para Galicia, porque acababa de nacer Pescanova (1960), implicitamente aludida cando Filgueira fala de “costos de fabricación de los equipos, especialmente si se destinan a pescas de máxima órbita, con instalaciones a bordo de conservación, potencia y capacidad altamente evolucionadas”. Encontra tamén documentación de que en 1963 Filgueira participou na Ley General Tributaria, na Ley de Arrendamientos Urbanos e na Ley de Construcciones Escolares.

## 5. ACTIVIDADE PARLAMENTARIA NA OITAVA LEGISLATURA (1964-1967)

VIII LEGISLATURA 1964-1967				
	Total	Asuntos		
Intervencións	21	Educación Nacional	Educación Nacional	Propiedad intelectual. Cine
Data		23/VI/1965 24/VII/1965 17/XI/1965 25/XI/1965	14/XI/1966 23/VI/1965 21/II/1967	20/IV/1966 21/IV/1966 22/IV/1966
Referencias	24	Comisión de Educación Nacional: – Proyecto de Ley sobre Estructura de las Facultades Universitarias y su profesorado. – Proyecto de Ley de Reforma de la Enseñanza Primaria. Comisión de Educación y Ciencia: – Proyecto de Ley de Creación de Facultades de Ciencias Políticas económicas y comerciales en las Universidades de Santiago de Compostela y Valencia formó parte de la Ponencia). – Proyecto de Ley de Unificación del Primer Ciclo de Enseñanza Media.		Comisión Especial para el Estudio del proyecto de Ley de Derechos de Propiedad Intelectual en las Obras Cinematográficas

23 Art. 27.4. “No marco do presente Estatuto correspóndelle á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva das seguintes materias: [...] 4. Conservación, modificación e desenvolvemento das institucións do Dereito Civil galego”.

24 Art. 38. “En materias de competencia exclusiva da Comunidade Autónoma, o dereito propio de Galicia é aplicable no seu territorio con preferencia a calquera outro, nos termos previstos no presente Estatuto. A falta de dereito propio de Galicia, será de aplicación supletoria o dereito do Estado. Na determinación das fontes do dereito civil o Estado respectará as normas do Dereito Civil galego”.

VIII LEXISLATURA 1964-1967			
	Total	Asuntos	
Intervencións	21	Educación Nacional	Educación Nacional Propiedad intelectual. Cine
		Comisión Especial para el Estudio del cambio de denominación del Ministerio de Educación Nacional por el Ministerio de Educación y Ciencia (foi secretario desta Comisión) (9/V/1966)	

5.1. A FACULTADE DE CIENCIAS POLITICAS, ECONÓMICAS Y COMERCIALES DE SANTIAGO  
Filgueira nesta lexislatura forma parte da Ponencia en diferentes Proxectos de Lei no ámbito da Educación, que é o seu territorio máis natural.

Algúns debates son máis de palabras que de verdadeiro contido (a denominación dos diferentes tipos de Institutos; dos diferentes tipos de profesores ou a denominación do propio Ministerio); pequenas reformas no Ensino Primario. Pero se cadra para Galicia o máis importante foi o éxito, dende a Ponencia, no proxecto de Ley de *Creación de Facultades de Ciencias Políticas, Económicas y Comerciales en las Universidades de Santiago de Compostela y Valencia*. Foi o 14/XI/1966, cando Filgueira pediu a creación da Facultade de Económicas de Santiago: a súa intervención explícita que Galicia non precisa unha *sección de Económicas*, senón unha completa *Facultad de Ciencias Políticas, Económicas y Comerciales*, porque –dicía– “hai que ir a Universidades completas” fronte ós que no propio debate manifestaban a ansia de parcela-las Facultades e espallalas por cidades. No debate de creación da nosa Facultade de Económicas Ángel Jorge Echeverri (tamén procurador nato daquela por se-lo reitor da USC) defendeu a creación da nosa Facultade por tres razóns: porque Galicia, excéntrica, está carente de orientación económica; porque hai máis de 300 solicitudes para estudar Económicas; e porque as Caixas de Aforros e as Cámaras de Comercio xa depositaron sete millóns para isto. O reitor da Universidade de Uvieu queixouse de que eles tamén solicitaran esa Facultade e que dos 3000 universitarios asturianos, máis de 2000 estudan fóra e –engadiu– que na práctica, Madrid quedáballes máis preto do que Santiago.

Noutros proxectos de lei as discusións foron máis de matices. No *Proyecto de Ley sobre Estructura de las Facultades Universitarias y su profesorado*, as discusións son de matices burocráticos referidos a profesorado (formas de acceso, categorías, salarios), alumnado, e tamén a edificios. Debátese, por exemplo, a necesidade de que o concepto de dedicación exclusiva na Universidade teña en conta que médicos, físicos, biólogos ou avogados precisan práctica extraescolar que redunde en beneficio da propia docencia. Filgueira retruca con ironía que o mesmo se debería, logo, aplicar ás conferencias dos Profesores de Letras.

...existe un sector, que es el licenciado en letras, que no tiene actividad de consultar, ni recetar, pero que puede tener la actividad de dar conferencias. Nos encontramos con que este artículo podría estar en contradicción con el anterior. Porque aquí se prohíbe la actividad en Centros adscritos de enseñanza superior y don Fernando Martín-Sánchez acaba de aludir a los Colegios Mayores, y se podría aludir a las Academias del SEU, que necesitan el concurso de estas personalidades. En cambio no se priva esa actividad, que tiene mucho que ver con la facultad examinadora del Catedrático de Universidad, en los Centros de Enseñanza Media, donde sí es extraordinariamente grave. No se debe prohibir ninguna actividad del catedrático que sea beneficiosa; que se prohíba lo que va a constituir o pueda constituir en algún caso una excepción bochornosa. Y esto no se va a dar en los Colegios Mayores o en las Academias del SEU; se va a dar en preparaciones del Bachillerato, o del preuniversitario. (ACE.NT: 25/VI/1965).

E, máis en diante, pide

que exista un plazo para dictar los Decretos ordenadores, estableciendo una referencia muy concreta a las Facultades de Medicina, ya que su personal plantea unos problemas específicos, que exigen una coordinación con otras leyes. De prohibirlo, redactarlo en forma tal que no pugne con el artículo anterior, por lo que quizás conviniera que la Comisión redactase un nuevo texto y nos lo presentase. (ACE.NT: 25/VI/1965).

## 5.2. TIPOS DE INSTITUTOS DE ENSINO MEDIO

O 23/VI/1965 débátese a unificación do ensino medio. Filgueira defende que Institutos que ofrecen estudos diferentes deben ter denominación diferente: que os que ofrecen o Bacharelato Superior General se chamen *Institutos de Enseñanza Media* e que os que ofrecen un bacharelato técnico se chamen *Instituto Técnico* e que poidan engadir algo específico, *I.T. Agrícola*, *I.T. Industrial*, *I.T. Marítimo-pesquero*, cousa que axudará a publicitalos de maneira máis específica. Cita un caso próximo, o Instituto Técnico (máis coñecido como *Instituto Laboral*) creado en Marín en 1955 e instalado primeiro nas Casas da Cañota<sup>25</sup>. Esta cuestión aínda seguiría viva dous anos máis tarde, porque o 22/II/1967 Filgueira volvería insistir en que as denominacións dos Institutos sexan *Instituto de Enseñanza Media* (se ofrecen os estudos medios que dan acceso á Universidade) ou *Instituto Técnico* (se ofrecen os diferentes Bacharelatos Técnicos).

Nunha reforma parcial do Ensino Medio Filgueira defende un día despois a **coeducación**:

25 Posteriormente trasladouse ó centro urbano de Marín, onda a Igrexa e converteuse en Instituto de Ensino Medio (actualmente *Illa de Tambo*).

En cuanto a la separación de sexos, una cosa es la coeducación y otra la formación específica. En todo el mundo la mujer integra en una proporción muy alta el magisterio. La mujer posee dotes extraordinarias para el magisterio. Las vocaciones se dan más en mujeres que en hombres. Incluso es muy conveniente que la mujer regente escuelas de niños. ¿Por qué entonces no vamos a provocar el doble juego de una convivencia en la Escuela Normal, la misma que hay en las Escuelas Técnicas de grado medio, en las Universidades, que debiera haber en el Preuniversitario de los Institutos? Nada tiene esto que ver para que la mujer reciba las enseñanzas específicas de la formación femenina. Hay, pues, que defender la coeducación. En cuanto a la separación de sexos, una cosa es la coeducación y otra la formación específica. Hay, pues, que defender la coeducación en las Escuelas Normales como un bien, aparte de que es más fácil organizar el profesorado. (ACE.NT: 19/XI/1965).

No debate desta mesma lei, Filgueira fala de que a catedrático só se debe poder chegar por un título e unha oposición. Oponse expresamente a que poida selo un profesor de relixión nomeado polo Ordinario, é dicir, o seu Bispo.

Tamén pide que para a **Ximnasia** haxa carreira e oposición: non está falando en 1965 da creación do INEF (xa creado por Lei 77 de 23/XII/1961) senón da posta en marcha, porque o primeiro INEF empezará a funcionar en Madrid no curso 67-68 e o recoñecemento universitario non lle chegará ata a Lei de Educación de 1970, na que Filgueira tanto traballará.

Igualmente eleva a rango parlamentario os desexos manifestados nos seus artigos publicados na prensa en 1946: que haxa forma de acceso dende o Maxis-terio a Estudos Universitarios e que a **Proba** do PREU sexa **de Madurez** e non de almacenamento de coñecementos.

### 5.3. INDICIOS DE POBREZA LEGAL NALGÚNS CONCELLOS

O 18/XI/1965 débátese un asunto aparentemente menor: a vixilancia policial arredor dos Centros escolares, que era responsabilidade dos Concellos; pero Filgueira, que coñece as intimidades de concellos como Santiago ou Vigo, sabe que teñen problemas para cumprila. Nese debate fai unha sorprendente observación:

Téngase en cuenta, además, que hay tres clases de Ayuntamientos: **Ayuntamientos pobres**, **Ayuntamientos ricos** y **todo lo contrario**. Los Ayuntamientos pobres no tienen con qué pagar esta vigilancia de edificios; hay Ayuntamientos ricos, que pueden hacerlo, pero hay también Ayuntamientos “todo lo contrario”, como el de Vigo, que, aunque tiene un gran presupuesto, no tiene medios porque su hacienda municipal está en crisis, por exceso de funcionarios, porque

la ciudad crece muy deprisa etc., o porque tiene unos gravámenes tremendos, como le sucede al de Santiago de Compostela. Lo ideal sería aplaudir un párrafo en el cual se dijera que en esos casos de pobreza legal, el Ministerio de Hacienda atenderá a estos gastos, aunque no creo que podamos hacerlo.

Para concretar una idea. Para los casos de pobreza legal existe una mecánica administrativa compleja, ya que estas obligaciones de escuelas van en el presupuesto municipal y el Estado lo que hace es cubrir el déficit del Ayuntamiento, la totalidad del déficit, y resulta que no podamos aprobar el presupuesto sin que figure una cantidad por escuela que será meramente simbólica, ya que al tener pobreza legal, el Estado tendrá que pagar este capítulo y la totalidad del déficit. (ACE.NT: 18/XI/1965).

Hai un importante debate verbo da economía municipal o 12/XII/1962. O Ministerio de Hacienda ten en análise unha nova lexislación que vai regula-las obrigas fiscais e salariais dos concellos e dos tributos que o Estado lles vai ceder ós municipios. Foi unha discusión técnica que me supera pero na que o alcalde de Pontevedra se alía co de Toledo (Luis Montemayor Mateo), porque hai cidades que teñen no seu carácter monumental unha regalía que, ó mesmo tempo, é unha pexa económica que debería compensarse coa parte dos impostos que as visitas a esa zona monumental producen ó Estado. Filgueira di mesmo que os concellos deben te-las mesmas exencións que ten o Estado e engade

convendría que se dijera en alguna parte que los Ayuntamientos, sobre todo los de la costa, podrán tener jurisdicción en todo su territorio para poder cobrar sus exacciones en zonas portuarias. Esta es otra aspiración de los Municipios. (ACE.NT: 12/XII/1962).

#### 5.4. PROPIEDAD INTELECTUAL

En 20/IV/1966 intervén na cuestión dos Dereitos de propiedade intelectual nas obras cinematográficas:

cantidad de artículos y alegatos, ya hasta libros, que hemos recibido, representa que existe una tensión, y esta tensión deben resolverla el Gobierno y las Cortes rápidamente. [...] (ACE.NT: 20/IV/1966).

Por jerarquía de la creación literaria, porque la Ley es una Ley de Propiedad intelectual y por contemplar, consiguientemente, al autor y no al productor –aunque ya se sabe que no existiría película alguna si no existiese productor– pase a primer término de la Ley el que, intelectualmente, es el autor de la película. (ACE.NT: 22/IV/1966).

## 5.5. OUTROS ASUNTOS

Regueiro Tenreiro (2015: 393-394) cita, ademais, a participación de Filgueira con enmendadas na Lei de títulos para matricularse nas Facultades Universitarias; na Lei de retribucións na Administración Local; na Lei sobre expropiación forzosa e sancións en materia de instalacións eléctricas; e na Lei sobre retribucións do funcionariado local e civil do Estado.

## 6. ACTIVIDADE PARLAMENTARIA NA NOVENA LEXISLATURA (1967-1971)

Nesta nova lexislatura Filgueira Valverde xa non é Procurador en Cortes por ser alcalde de Pontevedra<sup>26</sup> senón por ser votado o 10/X/1967 en elección directa polos cabezas de familia (homes e mulleres) da provincia de Pontevedra<sup>27</sup>. Unha Lei Orgánica (1/1967: BOE 11/I/1967)<sup>28</sup> modificara a distribución de escaños entre *natos* e *designados*, introducindo estes 108 *Procuradores por el tercio familiar*<sup>29</sup>.

IX LEXISLATURA 1967-1971	
Comisión de Educación y Ciencia:	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Proyecto de Ley de Creación de Facultades de Medicina en las Universidades de La Laguna, Murcia y Oviedo.</li> <li>– Proyecto de Ley General de Educación y de Financiamiento de la Reforma Educativa.</li> </ul>
Comisión de Gobernación:	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Proyecto de Ley de Modificación de los preceptos de la Ley de Régimen Local relativos a la elección de concejales por el tercio familiar en el sentido de que se incluya entre los electores y los elegibles a la mujer casada.</li> <li>– Proyecto de Ley sobre el sistema de ascenso a la Escala de Mando del Cuerpo General de Policía.</li> <li>– Proyecto de Ley de modificación de determinados artículos de la Ley de Orden Público, de 30 de julio de 1959.</li> </ul>
Comisión de Hacienda:	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Proyecto de Ley estableciendo el régimen de incompatibilidad de los Presidentes, Consejeros y altos cargos de la Banca privada y el cese por edad de esos últimos.</li> </ul>
Comisión de Leyes Fundamentales y Presidencia de Gobierno:	<ul style="list-style-type: none"> <li>– II Plan de Desarrollo Económico y Social.</li> </ul>

26 No día 24/XI/1966 Filgueira anunciou publicamente que presentara a renuncia á alcaldía pero o Goberno non lla aceptou ata o 1/VII/1968 (Torre 2015:345-351).

27 Véxase a nota 2.

28 <https://www.boe.es/boe/dias/1967/01/11/pdfs/A00466-00477.pdf>. No preámbulo di que pretende, entre outros obxectivos, “dar entrada en las mismas [Cortes] a un nuevo grupo de Procuradores representantes de la familia, elegidos por los cabezas de familia y las mujeres casadas; de acuerdo con el principio de igualdad de derechos políticos de la mujer”. A creación destes procuradores novos (dous por provincia) figura na Declaración XIII, Tercera, art. 2º f.

29 Non é obxecto deste traballo valorar se, como se ten dito, a orixe electiva deste procuradores os converteu nun dos factores que, dende dentro do Sistema, prepararon a Transición (Miranda 1994); nin se Filgueira participaba nas reunións de coordinación que estes procuradores do *tercio familiar* facían periodicamente en diferentes puntos de España, de onde naceu que a prensa, ás veces, os denominase humoristicamente *procuradores trashumantes*.

O 26/VI/1968 defende que os maiores de 70 anos poidan seguir sendo membros gratuítos de Patronatos ou Consellos nos que se aproveita a súa experiencia. Pon o exemplo de Menéndez Pidal que nesa situación rendeu 20 anos de servizos á RAE e á Filoloxía española.

Hay presidentes de Instituto en España que no ha cobrado su retribución y Vocales de Patronatos que no la han cobrado nunca. He puesto retribución fija porque las dietas son una manera de retribución y no se les va a privar de las dietas, y para especificar que no se trataba de defender una prórroga del funcionario, sino sencillamente su presencia. Pongo, por ejemplo, el caso de Menéndez Pidal, que ha prestado brillantes servicios veinte años después de jubilado. (ACE.NT: 26/VI/1968).

### 6.1. A ELIXIBILIDADE DA MULLER E DA MOCIDADE

A lexislación da época só permitía que votasen os Cabezas de Familia (pais)<sup>30</sup> pero a mentada Ley Orgánica de 10/I/1967 permitiu que tamén as mulleres casadas votasen para elixiren Deputados (precisamente nas eleccións as que se presentou Filgueira). O 5/XI/1968 a Comisión de Gobernación estuda unha modificación proposta por Mónica Plaza de Prado (da Sección Femenina) que defende que a muller casada tamén sexa electora e elixible para os cargos municipais. Se a muller (pola mentada Lei Orgánica) xa podía elixir Deputados para as Cortes, era lóxico que puidese votar e mesmo ser elixible concelleira nun concello. Sabíase que había maioría suficiente para esa iniciativa; e entón dous deputados (Ortí Bordás e Filgueira) presentaron cadansúa enmenda complementaria para ir máis alá. Ortí cuantifica en catro millóns as persoas maiores de 21 anos sen voto por seren mozos solteiros (é dicir, por non seren cabezas de familia). Filgueira fai público o seu apoio á elixibilidade da muller casada para os Concellos pero propón que se estenda a capacidade de elixir e ser elixido a tódolos mozos e mozas maiores de 21 anos, estean ou non casados, porque nos Concellos se bota en falta a perspicacia, a enerxía e a capacidade que ten a mocidade para involucra-la xente no municipio; baseándose na estimulante participación xuvenil no seu concello de Pontevedra<sup>31</sup>, di que os novos son os que lle fan ver problemas e solucións que os adultos non achegan. Sabedor de que a enmenda entra un pouco forzada, argumenta que naquel lugar de elaboración das leis tódolos días se percibe que a lexislación é transversal polo carácter orgánico das leis e que ese carácter orgánico implica que a modificación

30 Art. 86 das Leis de Bases de Régimen Local de 17/VII/1945 e de 3/XII/1953 (Decreto de 24/VI/1955). [<http://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-1968-1448>].

31 En 1965 a partir duns diálogos entre Filgueira e os alumnos de PREU nacera un *Grupo Municipalista Juvenil* que cita nesta intervención (Torre 2015: 340).

dunha lei obriga a introducir cambios de coherencia noutras. A intervención é longa<sup>32</sup> e, como sabe que é algo atrevida, invoca un apéndice desaproveitado do

32 EL SEÑOR FILGUEIRA VALVERDE: Unas palabras para adherirme plenamente a las manifestaciones que acabamos de oír, tan brillantemente expuestas, y a la enmienda que han venido a apoyar. Interpreto la falta de enmiendas a este Proyecto de ley en el sentido de que es tan justo, es tan grato, conceder el voto a la mujer; era tan necesaria y era tan feliz la iniciativa, que cualquier enmienda pudiera interpretarse como un proceso dilatorio o como una oposición al Proyecto. Hasta si queréis, como una falta de galantería para la mujer, de galantería para una iniciativa tan aceptable.

Pero es necesario subrayar aquí, en el umbral de una sesión que, al parecer, va a ser tan amable y con un motivo —repite— tan grato, como creo que somos muchísimos los Procuradores que vemos día a día que se presentan a nuestra consideración Proyectos de ley, como éste, que afectan a aspectos muy limitados, muy concretos, de modificación de grandes leyes, dejando al margen temas importantísimos. Hace pocos días, al discutirse la Ley de Funcionarios a la Administración Local, se veía que se reformaba la Administración Local en un aspecto concreto y determinado, y que esto implicaba otros muchos aspectos, entre ellos la reforma básica de los ingresos de las Haciendas locales. Con anterioridad, vimos como se presentaba un Proyecto sobre determinadas y concretas incompatibilidades, sobre ciertas reformas de los Consejos de Administración; y no era una gran ley de incompatibilidades, no era una amplia ley que enfocase plenamente la reforma de la empresa. Estamos, pues, retocando con frecuencia leyes importantes sin darnos cuenta de que cualquier retoque implica otros, que es lo que sucede en este caso, porque, aunque se nos presentase un Proyecto de ley para la reforma del sistema de elección en las corporaciones locales **quedaría fuera de elección de los alcaldes, un tema que está hoy en boca de todos, y que representa un profundo, un gravísimo problema nacional.** Representaría la modificación de los tercios, porque es verdad que responde perfectamente a este carácter que llamaríamos “orgánico” en las leyes, cuya palabra ha sido sustituida en la Ley Orgánica del Estado por la expresión “sufragio articulado”, expresión que, a su vez, responde a una técnica profunda e importante en cuanto al carácter de la elección. Pero es que, por una suerte de ritmo interno, muchas veces las leyes políticas y administrativas no pueden guardarlo. Por ejemplo, en esta representatividad de los tercios resulta que hay una elección de primer grado para el primer tercio, para el tercio de tipo familiar, elección restringida porque aparecía votando el cabeza de familia, y ahora va a votar el cabeza de familia, va a votar la mujer y podían ya votar los hijos emancipados. **Y nos queda fuera nada menos que la representación juvenil, impetuosa y renovadora, cuya presencia parece más necesaria.** Pero si pensamos en el Sindicato, se ve que hay una elección de segundo grado, pero, por un ritmo interior resulta de tercer grado la elección por parte de las entidades. **Y este tercio de entidades también necesitaría ser retocado** para que fuese una elección directa por las entidades, o para que contuviese otro tipo de representación, porque quizás, a semejanza de la estructura de las Cortes, sería necesario que existiesen concejales por derecho propio y designación. Es posible que lo lógico fuera que las entidades eligiesen directamente, y no que los otros dos tercios elijan dentro de las entidades.

Pero en este caso concretísimo de la enmienda que hoy se nos propone, está claro que lo que se pretende es abrir ese primer tercio; no vamos a regular el segundo, no vamos a dar forma eficaz al tercero.

Si se nos presenta a consideración lo que sucede en el tercio familiar, es lógico que las Cortes discutan qué es lo que sucede. **¿Se opone la enmienda a las leyes constitutivas del Estado? ¿Se opone a la ley Orgánica del Estado, al Fuero de los Españoles? No; en manera alguna.** Ni a pesar de las palabras que contiene la Ley Orgánica las Corporaciones municipal y provincial, órganos de representación y gestión del Municipio y la Provincia, respectivamente, serán elegidas por “sufragio articulado” a través de los cauces representativos que señalaba el art. 10 del Fuero de los Españoles. Ni el art. 10, que incluso, abre caminos a cualquier representación, diciendo “y el sufragio, sin perjuicio de otras representaciones que las leyes establezcan”.

**Nada nos impide aquí abrir este cauce a la juventud.** La familia sigue estando representada; antes sólo por el cabeza de familia, y ahora es la familia entera la que vota, la representación de la familia, los mayores de edad.

Pensemos por un momento qué efectos puede tener esto. Acaba de señalarlo de una manera admirable el Sr. Orti Bordás. El país entero necesita una apertura a la juventud

Hace muy poco, en esta misma Legislatura, estuvimos discutiendo la defensa de la presencia de los ancianos —yo asumí un turno para esta defensa— en los Consejos. **Un Estado no puede estar representado sólo por las gentes que ocupan una escala central en la tabla de edades.** Es lógico que pidamos el consejo de los ancianos. **¿Habeis pensado alguna vez cuál es la edad media de los Concejales en nuestros Ayuntamientos? ¿No es cierto que la juventud está fuera de estos Ayuntamientos? ¿No es cierto que**

art.10 do Fuero de los Españoles<sup>33</sup> que xa prevé “que las leyes establezcan otras representaciones [ademais dos cabezas de familia]. Nada nos impide aquí abrir este cauce a la juventud. La familia sigue estando representada; antes sólo por el cabeza de familia, y ahora es la familia entera la que vota, la representación de la familia, los mayores de edad” (34-39). Varios procuradores e procuradoras refírense despois con respecto a esa intervención pero Filgueira queda en minoría e finalmente fai constar na acta que el apoia a elixibilidade da muller (que se aproba por unanimidade)<sup>34</sup> pero que el reivindica tamén a dos mozos e mozas maiores de idade. Novembro de 1968, con todo o que pasara en Galicia, en España e en Europa<sup>35</sup>, non era aínda a hora do voto universal en España.

## 6.2. A LEI GENERAL DE EDUCACIÓN (LGE 1970) OU LEI VILLAR PALASÍ<sup>36</sup>

Filgueira, coma tódolos que constrúen algo, tiña as lóxicas dúbidas verbo do resultado ou de aspectos colaterais das iniciativas nas que se embarcaba. E non o ocultaba, cando llo preguntaban. Pero a elaboración da Lei Villar Palasí foi

---

podrían representar ahí, no sólo con su lección, sino con su presencia, un extraordinario empuje, un elemento dinámico nuevo, un aire que entrase ahora a vitalizar esta vida municipal? ¿No es cierto que la vida municipal adolece hoy de que está al margen de ella el país y que la mayor parte de las veces se habla para criticarla, pero que las gentes no sienten como propia la vida del Ayuntamiento? **Si hay un tema que sea lejano a los españoles es el de la vida municipal. Se la conoce cuando molesta, cuando se la critica, pero no se la convive, no se participa.**

Si queremos encauzar, por una fórmula representativa, la participación de la juventud, de igual manera que hoy venimos a abrir la representación de la mujer casada con pleno derecho, por feliz iniciativa, tendremos que abrir también paso a la juventud.

**Tengo la experiencia de haber sido el alcalde fundador del primer grupo municipalista juvenil.** Yo quisiera, Sres. Procuradores, que hubiesen asistido a las reuniones de este grupo municipalista juvenil formado, en general, por preuniversitarios, por alumnos de Universidad, pero también por elementos procedentes de las Escuelas de Maestría, de la Escuela Normal, incluso con su tercio de aprendices; formado en cierto modo el grupo municipalista juvenil a semejanza de la actual constitución del Ayuntamiento. **De esas reuniones salí entusiasmado y confortado porque escuchaba razonamientos e iniciativas y porque me permitía ponerme en contacto con una opinión que no es sólo la de los hombres maduros.** Si quereis usar del símbolo agustiniano, la vida política y administrativa también tienen que desarrollarse entre una *extensio* y una *distensio*. No es lógico que nos prendamos hacia el pasado por bello que nos parezca; hacia lo que creemos nuestra experiencia y madurez de criterios, sino que es lógico que los abramos en una *extensio*, que los dilatemos hacia ese futuro que tenemos próximo y que hay que preparar.

Las Cortes son mucho más importantes porque preparan legisladores, que porque preparan leyes. Los Ayuntamientos son importantísimos porque preparan políticos. **Si abrimos al voto de la juventud nuestros Ayuntamientos, habremos dado un paso felicísimo para la preparación política del país.** (ACE.NT 5/XII/1968: 34-44).

33 O Fuero de los Españoles, promulgado o 17/VII/1945 e actualizado tralo Concilio Vaticano II en 10/I/1967 (BOE 21/IV/1967) era o máis parecido á unha Constitución naquel Réximen e no seu art. 10 establecía isto: “Todos los españoles tienen derecho a participar en las funciones públicas de carácter representativo, a través de la familia, el municipio y el sindicato, sin perjuicio de otras representaciones que las leyes establezcan”. [[http://www.cervantesvirtual.com/servlet/SirveObras/67926282101469673765679/p0000001.htm#I\\_3\\_](http://www.cervantesvirtual.com/servlet/SirveObras/67926282101469673765679/p0000001.htm#I_3_)].

34 [<http://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-1968-1448>].

35 E a iso fai alusión nalgún momento do debate o procurador Martínez Esteruelas (da Ponencia), que acabará sendo ministro de Educación (1974-1975) con Arias Navarro (que presidiu esta sesión).

36 BOE 187, 6/VIII/1970: 12525 a 12546.

probablemente a actividade parlamentaria á que máis tempo dedicou (quizais a razón verdadeira da súa incorporación a aquelas Cortes) porque, con éxito ou sen el, interviu na redacción de 96 artigos (60% do texto da Lei) e as súas intervencións ocupan nada menos que 311 páxinas. Cando, no trámite final, unha caída de tensión lle impida asistir ó Pleno de votación final da Lei, diralle nun telegrama ó Ministro (23/VII/1970):

**He puesto en la discusión toda la asiduidad y el estudio que me fue posible.**  
Defendí los que a mi ver son en ella grandes aciertos y discutí apasionadamente muchos de sus artículos, pensando que el mejor servicio que puede rendir un Procurador, sobre todo cuando posee experiencia del tema, es poner también su disconformidad al servicio de la mejora del texto legal.

Intervencións de Filgueira Valverde na elaboración da Ley General de Educación (1970)	
Intervén en 96 artigos ou disposicións, é dicir no 60% do texto da Lei. Ausente entre os art. 43-58 <sup>37</sup> As súas intervencións ocupan 311 páxinas do Boletín oficial de las Cortes Españolas (ACE.BO).	
Artigo	número do BOCE (páxinas)
1:	20 (15, 16, 46)
2:	21 (11, 12); 22 (9, 36, 37, 38, 46, 47)
3:	23 (2, 8, 9, 24, 43)
4:	25 (4, 5, 6, 10, 11, 32)
5:	25 (48, 49); 26 (10, 11, 22, 25, 26, 28, 29)
7:	27 (16, 19, 20)
9:	27 (31, 53)
10:	27 (4)
11:	28 (21, 29, 37, 39, 40)
12:	29 (4, 5, 12, 18)
13:	29 (28, 29)
14:	30 (5, 6, 7, 15, 16)
17:	30 (27)
19:	31 (11, 19, 20, 21, 30)

<sup>37</sup> Esa ausencia cae na primeira quincena de maio de 1970 e sabemos que lle cadra cunha comunicación ó Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos verbo de *Esmaltes gallegos* (8.5.) e con algo que ten moito que ver coa innovación educativa: trátase da súa participación en Sevilla no *III Seminario sobre problemas actuales de la Educación Musical en España*, no que presentou a comunicación *El canto en los Institutos. Una experiencia musical. Los Institutos de Pontevedra* (Fortes 1996: 117, 2615) que organizaba Antonio Iglesias e que fora o seu gran colaborador no *Festival de la Canción Gallega* que vertera partituras dos mellores compositores de España, Portugal e dalgúns Países de América sobre 73 poemas en galego (Ferro 2015b).

Artigo	número do BOCE (páxinas)
20:	31 (38, 39, 49)
21:	32 (10, 16)
24:	32 (45, 46, 58)
25:	33 (15, 19, 23, 40, 41)
26:	33 (42, 47)
27:	34 (3, 4)
28:	34 (12, 13, 14, 20, 21)
29:	34 (25)
31:	35 (13, 14)
32:	35 (20, 22)
34:	35 (27, 31, 35)
35:	35 (35)
36:	35 (50, 51, 55, 57)
39:	37 (19)
40:	38 (25)
41:	38 (41)
42:	38 (48, 51)
59:	42 (3)
60:	41 (18, 49);43 (4)
61:	43 (7, 8, 9)
62:	43 (10, 26, 27, 28, 30)
63:	44 (3, 4, 5, 9, 10)
64:	44 (28, 29)
65:	44 (47, 48)
68:	45 (33, 39)
69:	45 (45, 55)
73:	46 (11, 12)
74:	46 (21, 22, 24)
77:	46 (47, 48, 59)
78:	47 (17, 18)
79:	47 (22)
81:	47 (24)
83:	47 (40, 41, 44)
84:	48 (9, 11, 15, 16, 17)
87:	48 (23, 24)
89:	48 (41, 42, 47, 48, 49)
90:	48 (51)
95:	50 (15, 18, 20)

Artigo	número do BOCE (páxinas)
96:	50 (25, 42)
99:	50 (55)
100:	50 (59)
101:	51 (35, 38, 41, 48)
102:	52 (6, 7, 8, 9, 16, 19, 26, 29, 30, 31, 32)
104:	53 (4, 5, 9)
105:	53 (13, 17, 18)
107:	53 (28, 30, 33, 45)
108:	53 (47, 49, 50, 55, 56, 59, 60)
110:	54 (11, 12, 15, 17, 24, 26, 27)
111:	54 (31, 33)
112:	54 (34, 43)
114:	55 (3, 4, 5)
115:	55 (23, 24, 25, 27, 28, 31)
116:	55 (40, 41, 54, 66)
117:	56 (8, 9)
118:	56 (11)
120:	56 (24, 25)
122:	56 (32, 33)
124:	57 (7, 8, 12)
125:	57 (24)
129:	58 (10, 14, 15)
130:	58 (17, 18)
131:	58 (25)
132:	58 (28, 29, 31)
136:	60 (6, 7, 12, 18)
137:	60 (23, 25, 26)
141:	60 (40, 41)
142:	62 (13, 18, 21, 22, 25, 28, 29, 30, 31)
143:	62 (37, 53); 64 (2, 3, 9, 12, 13, 14)
144:	64 (18, 19)
145:	64 (21, 22, 29, 30, 31)
145 bis:	64 (35, 38)
146:	66 (4)
Disp. final 2ª	66 (18, 20)
Disp. final 3ª	66 (25, 29)
Disp. final 4ª	66 (33, 34, 35)
Disp. Trans. 1ª	68 (33, 36)

Artigo	número do BOCE (páxinas)
Disp. Trans. 2ª	68 (41); 70 (32, 57); 71 (6)
Disp. Trans. 4ª	71 (30, 31, 33, 35, 36, 40)
Disp. Trans. 6ª	71 (50, 51, 54, 58, 71, 72); 73 (2, 3, 4, 7, 13, 14, 16, 17, 19)
Disp. Trans. 7ª	73 (32)
Disp. Trans. 8ª	73 (62, 63, 70, 71, 73)
Disp. Ad. Novena	

Esa Lei colma moitas das expectativas didácticas que Filgueira espuxera xa en 1946 (véxase a epígrafe 2.) e tamén as verdades pedagóxicas que fora asentando en reunións de expertos no ensino da lingua e literatura convocados polo propio Ministerio pero é xusto recoñecer que as supera nun proceso de creación colectiva do que el foi parte moi activa.

### 6.3. PRECEDENTES PEDAGÓXICOS INMEDIATOS DO PROCURADOR FILGUEIRA

A canto quedou dito no apartado 2 debo engadir agora algún outro precedente. Filgueira publicara con posterioridade a 1946 catro novos libros de texto para o ensino da Lingua e Literatura española (Filgueira 1961; 1964; 1969a e 1969b) e na altura de 1969 acumulaba 36 anos de experiencia como profesor de Lingua e Literatura Española (34 deles como catedrático) e 23 anos como Director de Instituto.

Ademais disto fora consultado en 1963 polo Centro de Orientación Didáctica do Ministerio de Educación Nacional nas Xornadas (Madrid 4-10/III/1963 e 1-6/IV/1963)<sup>38</sup>, que reanudaban as *Reuniones de profesorado de la materia* interrompidas en 1957. É importante especificar que nestas *Reuniones* de 1963 acordouse que en 6º deberá haber “Lecturas de escritores españoles de los siglos XVIII al XX, comprendidos también los de lingua catalana y gallega; añadir algún texto hispanoamericano de notorio relieve” (1718) e que no Curso Preuniversitario “El Cuestionario se contraerá a la Literatura española actual, incluyendo en proporciones adecuadas el estudio de las Literaturas catalana y gallega y las principales figuras y direcciones de la literatura hispanoamericana a partir de Rubén Darío”.

Estas reunións non foron de trámite, porque unha Orde Ministerial de 8/VIII/1963 converteunas en programa oficial dende 1963 do Curso Preuniversitario (para Literatura Española Contemporánea), que di, entre outras cousas,

38 Coido que se refire á Comisión encargada de reformar “la didáctica de la Lengua y Literatura española en la Enseñanza Media” que en 1955 o Ministerio de Educación encomendara a Fernando Lázaro e a Rafael Lapesa.

Acogiendo las sugerencias hechas en las Reuniones de Catedráticos señaladas, en la nueva ordenación del Curso Preuniversitario, se incluyó, con Cuestionario y programa fijos, entre las asignaturas comunes, la de *Literatura Española Contemporánea* (Decreto 1.862/1963 de 11 julio). El Cuestionario, aprobado por Orden de 8 de agosto del mismo año (Boletín Oficial del Estado del 28), y el Programa, por Resolución de la Dirección General de Enseñanza Media de 8/XI/1963, son los siguientes [18 temas]:

[...]

7. **La poesía en lengua catalana, en lengua gallega y en dialectos del castellano.**

E nas ORIENTACIONES METODOLOGICAS engade o seguinte:

La expresión *Literatura española* del cuestionario que antecede debe entenderse siempre que se refiere a las obras escritas en las **lenguas castellana, catalana, gallega o vasca.** (1728)

E nas LECTURAS “para comentar en clase o para que el alumno lea por su cuenta, siempre bajo la dirección del profesor” propón 28 libros entre os que figura co número 2. Rosalía de Castro: *En las orillas del Sar* y **Cantares gallegos.** (1728).

#### 6.4. O NOVO MINISTRO DE EDUCACIÓN VILLAR PALASÍ

Franco, o 16/IV/1968, cesa o Ministro de Educación y Ciencia Manuel Lora-Tamayo e nomea Ministro de Educación un valenciano políglota e eficaz, José Luís Villar Palasí, coa encomenda de reforma-la lei universitaria. Poderíase imaxina-la intención de Franco, tendo en conta que a Universidade de Compostela estaba dende mediados de xaneiro en manifestación diaria e, por estes días, encerrada na actual Facultade de Historia, ou congregada no Festival de Voces Ceibes (Gurriarán 2013). O movemento estudiantil, que afectaba xa numerosas universidades, involucrou nos meses posteriores moitas universidades europeas (maio 68). O reitor compostelán Ángel Jorge Echeverri, que negociaba en Madrid o levantamento de sancións ós universitarios composteláns, aparece substituído (24/VII/1968) por Manuel Jesús García Garrido, que o substituirá tamén de maneira automática como Procurador en Cortes. Este novo reitor será precisamente ponente desta Lei.

José Luís Villar Ezcurra, fillo de Villar Palasí, di que “le llamó Franco para reformar la ley universitaria pero que en un viaje a Galicia comprendió que hacía falta una Ley General de la Educación y de Financiación de la Reforma Educativa, una ley que transmitiese a la sociedad española que la educación era una inversión que

costaba dinero; de hecho, involucró al director general de Hacienda<sup>39</sup>. O caso é que Villar Palasí presenta en dez meses (12/II/1969) *La educación en España: bases para una política educativa*, máis coñecido por *Libro Blanco de la Educación*<sup>40</sup>; ós 23 meses (21/III/1970) consegue que o Estado suscriba un crédito de doce millóns de dólares co Banco Mundial para financia-la Reforma<sup>41</sup>; ós 27 meses (28/VII/1970) consegue que as Cortes aproben a Ley General de Educación e ós 28 meses (3/VIII/1970) que España suscriba outro crédito de doce millóns de dólares co Banco Internacional de Reconstrución e Fomento para a construción, equipo e posta en marcha de novos Centros: sen saír da Galicia rural e suburbana as escolas unitarias, nas que un mestre ou mestra daba simultaneamente clase de tódalas materias a 30 ou 40 meniños e rapaces de cinco a dez anos era un feito que tiña un tanto de realidade, un tanto de milagre e un tanto de maxia; por parte, sabíase que no curso 1966-1967 quedarán sen escolarizar 560.928 nenos en España<sup>42</sup>. O Ministerio elaborou *Planes de urgencia* por rexións, para investir 11.438 millóns de pesetas en crear en ano e medio 738 Centros e 376.640 postos escolares (o Plan Galicia prevía crear 41.280 postos escolares). Para isto, asesorado por expertos españois e estranxeiros, adquiriu por concurso un modelo de Grupo Escolar (declarado obrigatorio por O.M. de 10/II/1971) que executarían arquitectos do propio Ministerio adaptándoo simplemente ó terreo. O novo sistema traía melloras evidentes: do profesor único que ensinaba todo a todos, pásase a profesores especializados por materias e por niveis; da aula única pásase a espazos abertos, de diferentes dimensións (áreas) que permiten a acción simultánea de varios profesores especializados con alumnos que pasan de obxecto a suxeito da súa propia aprendizaxe. Ademais o Grupo Escolar ten espazos comúns para actividades complementarias.

Ignoro que factores interviron para que en Galicia Villar Palasí cambiase o proxecto de *lei universitaria*, que disque lle pedira Franco, por outro dunha *lei xeral de educación*. De momento sigo unha pista razoable. O certo é que Villar Palasí soubo rodearse de colaboradores e colaboradoras autenticamente expertas e que

39 <http://www.lasprovincias.es/sociedad/educacion/201505/23/villar-palasi-padre-habla-ba-20150523002629-v.html>. [25/VII/2015]. En realidade, sen vinculalo a Galicia, no prólogo do *Libro Blanco* (Ministerio 1969) rectifica as súas primeiras declaracións como ministro de que o problema fundamental estaba na Universidade e de que nos niveis previos os problemas “estaban ya diagnosticados y conocidas sus soluciones, de tal modo que en ellos todo se reducía a intensificar el trabajo y a encontrar la necesaria cobertura económica” (10) cando a realidade era que “la raíz de muchos de los males que «se ven» en la Universidad [...] se encuentran, en gran medida, en los anteriores niveles educativos” (9).

40 Deste *Libro* fixo unha revisión crítica a Asociación Nacional de Catedráticos de Enseñanza Media en abril de 1969.

41 A prensa dese día recolle a noticia e tamén estoutra que axuda a valorar comparativamente esa cantidade: “el salario mínimo mensual sube a 3.600 pts.” (ABC 21/III/1970).

42 <http://www.mecd.gob.es/dctm/revista-de-educacion/1975-240/1975re240estudios11.pdf?documentId=0901e72b818204fe>

aquel Filgueira Valverde profesor e director de instituto involucrouse intensamente, dende o seu posto de procurador, na elaboración desta Lei que rompeu o clasismo anterior (os fillos de labregos e mariñeiros remataban o ensino ós 10 anos; os fillos da clase media urbana tiñan a oportunidade de seguiren un ensino medio ata os 16 ou mesmo de iren á universidade) e que levou a oferta pública de ensino gratuíto dende o preescolar ata os 18 anos. Esta Lei supera moitos dos problemas estruturais do ensino que el sinalara nos artigos de 1946, aínda que na Galicia rural dispersa este sistema fixo aparecer problemas novos como a necesidade do transporte escolar e do comedor escolar que tivo un efecto colateral negativo non previsto ó acelera-lo proceso de despoboamento rural coa conversión de terras agrícolas en forestais e en coutos de caza repoboados con especies cinexéticas incompatibles coa agricultura.

#### 6.5. A NOVA LEI RECOLLE E SUPERA MOITAS DAS MELLORAS QUE FILGUEIRA RECLAMABA EN 1946

A Lei Villar Palasí cumpre (e en varios aspectos, como é lóxico, supera) boa parte das melloras que Filgueira demandaba no ano 1946, que introducira nos seus libros de texto e que tamén figuraban nas *Jornadas* do Ministerio en 1963 (tal como queda descrito no apartado 6.3). En primeiro lugar esta Lei crea un ensino preescolar ata os seis anos. Segue un Ensino Xeral Básico (EXB) de oito cursos, estruturado en dúas xeiras, que é obrigatorio, gratuíto e que dura ata os 14 anos. Nese EXB cambia moito o método de traballo: fronte á pura memorización anterior, os alumnos empezan a traballar con fichas e outros métodos experimentais e intuitivos que estimulan capacidade de observación e sistematización. Con este sistema, ademais, rómpese aquel prematuro entrar no bacharelato ós dez anos.

Tras esta primeira fase de oito cursos obrigatorios e gratuítos, o alumno, xa con 14 anos, pode acceder ós tres anos de Bacharelato Unificado Polivalente (BUP) ou a Formación Profesional (FP) de 1º ou 2º Grao. Como se crean numerosos Centros Públicos, este segundo nivel de ensino é tamén gratuíto. O BUP constaba de tres cursos (2 comúns e o terceiro xa dividido en ciencias ou letras). Un ano obrigatorio para todos de latín cambiou o enfoque da pura gramática á descuberta das raíces latinas que temos na cultura actual e que son válidas para calquera cidadán. Finalmente o Curso de Orientación Universitaria (COU) substitúe o anterior Preuniversitario (PREU) da lei de 1953 pero o COU pretende darlle ó alumno as técnicas e métodos de traballo propios da Universidade. As normas de avaliación obxectívanse moito máis para estimula-la curiosidade e método de traballo dos alumnos. Por outra banda abríuse unha conexión da FP coas correspondentes carreiras universitarias e tamén a posibilidade dun acceso específico á Universidade para os maiores de 25 anos.

Con este sistema os alumnos entraban na Universidade un ano máis tarde que co sistema anterior pero con mellor ferramenta intelectual, porque, como se ve, os grandes cambios están no método de ensinar e de aprender. Os libros de texto que naceron para implantar esta lei introduciron en España as mellores novidades didácticas que había polo mundo. Pero o máis moderno era considerar, con tódalas consecuencias económicas, que a educación era un servizo público fundamental e aberto por igual a homes e mulleres.

En principio o sistema non prevía posterior exame de selectividade pero, ós poucos anos, viuse que as diferenzas de criterio de avaliación nos Institutos públicos e nos Colexios privados prexudicaban os alumnos do ensino público e reactivouse a Proba de Acceso á Universidade.

A chegada da democracia mantivo esta Lei ata 1990 de xeito que foi incorporando as novidades da nova lexislación democrática e autonómica, que deron xa ó galego, vasco e catalán plena normalidade no ensino en tódolos niveis pero a forza da inercia<sup>43</sup>.

#### 6.6. A INTERVENCIÓN A PROL DO GALEGO NO ENSINO (17/IV/1970)

O 17 de abril, día no que naceron amantes da lingua galega como Francisco Javier Rodríguez (1797), Amable Veiga (1929), Lois Diéguez (1944) ou Antón Reixa (1957) é tamén un día marcado na historia desta nosa lingua porque nese día do ano 1970 España, despois de moitos séculos, readmitiu definitivamente o galego nas aulas. Non foi a plena legalización, senón o principio da legalización. Ese día foi sobresaltado na Cámara, porque houberan de morrer tres astronautas do Apolo 13 que pretendían alunizar pero por fin deron aterrizado sans e salvos e a Comisión, que interrompera a sesión para “dar nova redacción ó artigo 17”, ás sete e dez reentra e acorda felicita-la Embaixada dos Estados Unidos en España.

É boa verdade que a readmisión do galego, vasco e catalán é parcial pero é un cambio en bastantes séculos que Filgueira xa pedira no artigo de xullo de 1936 e espuxera despois da guerra en diferentes foros académicos. Presidía ese día a Comisión de Educación y Ciencia nas Cortes Españolas Manuel Batlle Vázquez, era secretario Juan Luis de la Ynfiesta Molero e era ponente, como queda dito, o reitor da Universidade de Santiago o xurista extremeño Manuel Jesús García Garrido. Os arts. 14.1. (educación preescolar) e 17.1. foron cruciais.

43 Non me corresponde aquí valora-la aplicación desta Lei, chamada a modifica-los hábitos de tantos profesores, que ós dez anos de aplicación (1980) disque só conseguía que o 62% dos alumnos de 14 anos acabasen tendo o título de Graduado Escolar e que ós 20 anos (1990) subiuno ó 78%. Tamén sae do obxectivo a descrición do remedio que introduciu o PSOE cunha nova lei (LOGSE 1990) que aumentou escolaridade obrigatoria ata os 16 anos cun investimento público xa na media da OCDE. Tamén queda fóra desta análise a rectificación conceptual e metódica que posteriormente introduciu o PP (LOCE 2002).

## Redacción previa do art. 14.1.

Uno. La educación preescolar comprende juegos, actividades de lenguaje, expresión rítmica y plástica, observación de la naturaleza, ejercicios lógicos y prenuméricos, desarrollo del sentido comunitario, principios religiosos y actitudes morales.

Dos. Los métodos serán predominantemente activos para lograr el desarrollo de la espontaneidad, la creatividad y la responsabilidad.

## Redacción final do art. 14.1.

Uno. La educación preescolar comprende juegos, actividades de lenguaje, **incluida, en su caso, la lengua nativa**, expresión rítmica y plástica, observación de la naturaleza, ejercicios lógicos y prenuméricos, desarrollo del sentido comunitario, principios religiosos y actitudes morales.

Dos. Los métodos serán predominantemente activos para lograr el desarrollo de la espontaneidad, la creatividad y la responsabilidad.

Introducir ese pequeno inciso non foi doado, porque outros procuradores e procuradoras tiñan ideas diferentes. Dos que interviron, Ballenilla Fajardo quería introducir “juegos físicos”. Pilar Primo de Rivera, recuperar “observación libre y sistemática de la naturaleza”; Doreste Medina, los “valores estéticos”.

Antonio Rosón Pérez, procurador por Lugo, pide, en cambio, isto: “en las actividades del lenguaje especifíquese que en las áreas bilingües entran los lenguajes nacional y vernáculo”. E engade:

Ponencia me dice que mi enmienda es innecesaria porque el texto de la ley no excluye el uso de las lenguas vernáculos en la educación preescolar y por lo tanto podrá usarse siempre que se juzque conveniente sin necesidad de ulteriores precisiones. Parece que como si tuviésemos temor a precisar en un punto, en un problema básico, en un problema de raíz, en el que por conveniencia nacional y para prevenir, asegurar y tranquilizar el futuro es muy conveniente precisar. Por eso yo mantengo mi enmienda y las razones que aducía.

Rosón esgrime catro razóns (a realidade lingüística de España, a doutrina da UNESCO, a doutrina da Igrexa Católica e á súa “condición de hombre del 18 de julio”) para asentar que “el bilingüismo no es una anomalía; que la anomalía constante es el no reconocimiento del bilingüismo”<sup>44</sup>.

<sup>44</sup> Rosón, que, naquela lexislatura e coma Filgueira, era Procurador electo pola provincia de Lugo en Representación Familiar (con 99.205 votos de 151.018 votantes nun censo de 244.711) e que había de se-lo primeiro Presidente da Xunta de Galicia (Preautonómica, 1977-1979), ten unha intervención inesperada, rotunda e insuficientemente atendida polos analistas, xa que di falar “como hombre del 18 de julio”. Rosón intervéñ para clarexar que ata aquel momento (17/IV/1970), sendo certo que o proxecto de Lei de Educación non excluía o uso das linguas vernáculos, tampouco as autorizaba nin prescribía. E dixo explicitamente “parece como si tuviésemos temor a precisar en un punto, en un problema básico, en un problema de raíz, en el que por conveniencia nacional y para prevenir, asegurar y tranquilizar el futuro es muy conveniente precisar. Por eso yo mantengo mi enmienda y las razones que aducía”. E a

## A continuación intervén Filgueira que di:

El señor FILGUEIRA VALVERDE: Señor Presidente, señores Procuradores, en realidad prosigo mi interrumpida intervención de ayer. Había dicho que iba a ser largo, pero no había previsto que iba a ser tanto como para que siguiese hablando a las veinticuatro horas, o hiciese un discurso “por entregas”. Os ahorraré, por tanto, lo que había dicho. Era el merecido elogio de la Ponencia y de cuantos la componen, en la redacción del artículo, en el reconocimiento de la realidad, de las **peculiaridades regionales**. Con este artículo, al tratar de la **enseñanza en lenguas nativas**, lo que haremos es aplicar aquellos principios generales, como estamos aplicándolo otros, porque es necesario hacerlo así, de una manera clara, determinada y específica.

No voy a apoyarme en esta intervención en **sentimentalismos legítimos**, pero ajenos a mi propósito, ni en la **defensa de la personalidad de las regiones**, ni en la **tradición cultural**; ni voy a invocar, aunque lo haría de buen grado, a **Ramón Llull ni a Alfonso X**, ni voy a decir que **uno de los más bellos tesoros españoles es la lengua vasca**. No voy a hacer nada de esto, porque **voy a llevar el problema a donde es necesario situarlo**, que es en el **terreno de la pedagogía**, terreno en que, estoy seguro, la Ponencia hallará feliz acogida para mi propuesta. Quiero recordar que en este salón, asesorándonos, se encuentra una personalidad

---

continuación dá as catro razóns: 1. A realidade lingüística de España é plurilingüe. 2. España forma parte da UNESCO e debe cumprí-los seus compromisos cos valores culturais. 3. A Igrexa Católica xa admitiu tódalas linguas na súa liturxia. 4. Para un “hombre del 18 de julio” como el, o bilingüismo non era un problema: o problema era a súa negación. “En esencia, se trata de que el empleo de la lengua materna como medio de instrucción, de educación, hasta el más alto grado de la enseñanza, constituye un principio pedagógico actual, de vigencia universal. Lo proclama constantemente la UNESCO; y España, al ingresar en la UNESCO, es indudable que aceptó, como los demás miembros, la validez de este principio pedagógico”. A continuación, tendo en conta que daquela España se proclamaba Estado Católico, apela ó precedente da Igrexa que no Concilio Vaticano II (1962-1965) admitiu as linguas vivas na liturxia o 4/XII/1963. “...me veo obligado a apelar aquí a la propia Iglesia; la propia Iglesia que, rectificando errores del pasado —y yo me permito esta licencia de decir errores del pasado, refiriéndome a las clases dirigentes de mi querida y desventurada región gallega—, rectificando errores del pasado, repito, la Iglesia está realizando sus cometidos espirituales, incluso los de orden litúrgico, empleando las lenguas vernáculos”. E, tras insistir en que o feito de que as linguas se menten no artigo primeiro non é suficiente, engade: “Me permito pedir... que tengan en cuenta y acepten de una vez la realidad. Los datos que nos ofrece la realidad española son, señores Procuradores, muy claros. España es un país en el que además del castellano, de la lengua nacional —esa lengua que, como decía el Padre Mariana, es una lengua común compuesta por la avenida de tantas lenguas— se hablan y se cultivan diariamente el gallego, el catalán y el vascuence [...]. Todas ellas constituyen el patrimonio cultural español básico, que el Estado tiene el deber de proteger y de garantizar. Con esto sólo, creo que está justificada mi enmienda. Para terminar, quiero recordar que, como hombre del 18 de julio, como hombre perteneciente a esa tan conocida y baqueteada generación de tan probado amor y lealtad a España, comprendo, entiendo y siento, con muchos más españoles, que a la altura del año 1970 el bilingüismo no es ninguna anomalía. Lo que es una anomalía constante es el no reconocimiento del bilingüismo. El bilingüismo es una riqueza, o expresándolo de otra manera quizá más correcta, es un bien, y una Ley General de Educación no puede cerrar los ojos a la realidad, a esta entrañable y hermosa realidad” (Cortes Españolas. *Diario de Sesiones* 17/IV/1970. Apéndice 30; 4-5).

a quien se debe un libro bellísimo que todos conocéis. Este libro se titula *Tres hombres y un problema*<sup>45</sup>. Los hombres son Feijoo, Sarmiento y Jovellanos. El “problema” es este que **tenemos entre manos; es el problema de la transformación de España por medio de la educación**; el profundo cambio, la íntima renovación educadora que, entonces, hace dos siglos, necesitaba España y que sigue necesitándola.

Una huella de nombres estelares se abre ante nosotros, cada vez que se suscita uno de estos problemas pedagógicos. Es lógico que a la mente acudan constantemente, desde ángulos distintos, Joaquín Costa o Concepción Arenal, don Francisco Giner o don Andrés Manjón o don Gabriel María Ibarra, como sucedió el otro día. Entre esos nombres yo querría destacar brevemente, porque no quiero convertir esta, intervención en una conferencia –que ni me dejaría el señor Presidente ni me toleraríais vosotros–, a aquel gran intuitivo que fue el **Padre Sarmiento**, que hace doscientos años supo encontrar la razón de lo que hoy podéis –yo diría debéis– llevar a este artículo de la ley.

El padre Sarmiento se enfrentó entonces con el problema de la pluralidad de lenguas en la enseñanza. Fue, quizá, una de las primeras veces que se planteó el problema, y él llegó a unos resultados positivos, muchos de ellos válidos hoy. Porque aquí no estamos tratando de los idiomas literarios.

Yo creo que el gallego es un idioma, pero es discutible que sea estrictamente una “lengua vernácula”<sup>46</sup>. De lo que se trata aquí es del habla nativa del niño, del habla hogareña, de lo que el niño habla en el hogar, de cómo se expresa en estos jardines maternos y en estas escuelas, que son una prolongación de su casa, y en las que la maestra tiene que ser una sustitución de la madre; que hable con la lengua de las madres y que transmita con amor (**y esto no es sentimentalismo, sino que es absolutamente pedagogía y es psicología de hoy**), lo que entonces **sólo con amor se transmite**. Y que es necesario transmitirlo en el habla familiar y nativa: de Tomelloso o **de Becerreá, de donde procede el Procurador que acaba de hablarnos tan brillantemente en defensa de la lengua gallega**.

¿Qué era lo que decía el padre Sarmiento hace doscientos años? Pues se planteaba los problemas de la doble expresión en la adquisición del lenguaje; del

45 Referíase a M<sup>a</sup> Ángeles Galino Carrillo, catedrática de Historia de la Pedagogía da Complutense (disque a primeira muller catedrática por oposición en España), membro de varias Academias, exdirectora da Institución Teresiana (1977-1988) e que de 1969 a 1974 desempeñou tres cargos moi importantes no Ministerio de Educación e, precisamente como Directora general de Enseñanza Media y Profesional, estaba participando activamente nesta Lei e na redacción do Libro Blanco. *La Educación en España. Bases para una política educativa*. Máis adiante comentarei isto.

46 Aínda que o DRAE define *vernáculo* como “Doméstico, nativo, de la casa o país propios”, quizais a Filgueira a palabra non lle gustaba porque, sabía que procede do latín *verna*, palabra que en latín significa “esclavo”.

choque de lo nativo con lo adquirido; de la posesión de esta nueva lengua; los problemas de la precisión y del dominio del léxico de la nominalización, que todo esto entraña.

Para el padre Sarmiento **una segunda lengua sólo podía aprenderse usando como vehículo la nativa**. No puede adquirirse una lengua distinta de la usual más que enseñándola con la familiar. Las hablas nativas —decía— tienen una riqueza amplísima por su oralidad. No es posible enseñar la lengua usual española, si no establecemos sistemas de equivalencia con el lenguaje familiar, muchísimo más amplio, de que el niño dispone. Para que el niño sepa el valor de la voz “hierba”, es necesario que partamos de la serie de realidades que ya el niño conoce, porque el niño rural posee una amplísima gama de especificaciones de “hierbas” muy diversas: [P7] **“herba” mismo es ya una aprendida abstracción, una generalización**. Insisto en que es necesario **partir del habla familiar**, porque **en este artículo no se trata de la lengua literaria y porque en el artículo 17, y es honrosísimo, la Ponencia ha aceptado el cultivo de las lenguas literarias**.

El padre Sarmiento nos habla también de **lo que sucede cuando se cohibe la lengua espontánea como un vicio**, cuando sobre la lengua ingenua se imposta violentamente, produciendo una crisis de personalidad, la nueva lengua, sobre todo cuando ésta se considera como un signo de superioridad y de cultura; **cuando el niño cree que está hablando mal y se le enseña a vacilar**; cuando **se siembran en su alma**, por este procedimiento, una serie de **frustraciones, de prejuicios, de complejos de inferioridad**. Es incuestionable, pues, que **el niño necesita que se le hable como le hablan en casa**, y que se le enseñe bien nuestra lengua oficial española, por medio de la lengua que la madre está usando. Pero el padre Sarmiento intuyó más: intuyó que la posesión de esta doble personalidad lingüística, **el poder contar con dos lenguas desde esta primera escuela, es un enriquecimiento espiritual**, y que a quienes poseen esta riqueza les es mucho más fácil adquirir el dominio de otros idiomas.

**Hasta el año 1915** no se suscitaron con demasiado rigor científico estos problemas; **afioraban sí en el área política**; se habían expuesto muchas veces en el área de la **defensa de los derechos de las personalidades regionales**. Pero es desde aquella fecha con **Epstein<sup>47</sup> y Stern<sup>48</sup>**, y **muy recientemente con**

47 Estudou a influencia da ideoloxía no sistema educativo.

48 Refrese Filgueira a aquel Arno Stern (nado en 1924) que, no inicio da II Guerra Mundial, tivo que fuxir de Alemaña a Francia e despois consegue traballo nun orfanato suízo. E, non sabendo qué facer cos nenos, ponos a debuxar libremente e alí (e despois noutras partes do mundo) observa que os nenos debuxan sempre as mesmas cousas. Os adultos queremos intervir neses debuxos corrixíndoos, interpretándoos, forzándoos a que fagan o que nos parece que lles falta ou que está mal: é dicir, explicalos e corrixilos. Stern crea a *Teoría da Formulación* (que tódolos seres humanos temos unha *memória orgánica* que é universal e que se expresa no debuxo cando é libre, espontáneo, sen xuízos, sen inhibicións, sen competición; e di que esa *memória orgánica* xa se forma no útero materno e que é un eco do noso programa xenético). Stern conclúe

Diebold<sup>49</sup>, cuando se han visto estos temas como cuestiones técnicas en los cuales hay que **distinguir entre las tierras en que existe un bilingüismo que se llama perfecto**, y hasta un trilingüismo, también perfecto, “ordenado”, como sucede en Suiza, donde se hablan bien varias lenguas, y **aquellas otras tierras de bilingüismo subordinado** como sucede en varias zonas de España, donde se produce una lengua intermedia, y se habla mal la lengua oficial; zonas en las que el chico duda y, sin adquirir un buen castellano, pierde, por ejemplo, el gallego. No se trata de esto; se trata de que el niño tenga el gallego bonísimo que todos deseamos, cuando se exprese en lengua gallega, y que pueda llegar a dominar un español lo más perfecto posible. Eso es lo que Galicia necesita. Termino, señores, con un elogio, renovado, a la Ponencia, sobre todo en cuanto se refiere a la redacción del artículo 17, con la seguridad de que tanto la Ponencia como la Comisión aceptarán aquí, en éste, una referencia a la lengua nativa como lengua vehicular. Yo sé que con ello daréis facilidades a los maestros; sé que esto no puede causar ninguna complicación, porque en centros donde hay varios, cuando se trabaja en equipo puede alguno de ellos dedicarse específicamente a estas tareas; sobre todo, Galicia necesita preparar en estos momentos muchísimas maestras para las enseñanzas preescolares, de las que estamos tan necesitados, y en esta preparación puede incluirse todo esto; porque es muchísimo más práctico hacerlo así y porque comportará extraordinarios, grandísimos éxitos en la eficacia de la enseñanza.

Sé que **los niños gallegos se sentirán, en cierto modo, redimidos cuando no sufran esto** que el padre Sarmiento, quizá con excesiva dureza, llamaba “bárbara costumbre” y “necedad inaudita” del intento de enseñar “otra lengua en otra lengua”. Yo os ruego encarecidamente que aceptéis este precepto, y entonces en la lengua de Galicia, en la lengua de los niños gallegos yo os diría: “**Deus volo premie. Mellor ben non podiades facernos**”. (ACE.BO: 17/IV/1970: 27).

---

que, lonxe de ser nós os mestres, somos nós os que temos que aprender deles. Promove desenvolve-lo xogo de pintar libremente. Stern escribiu “No es de extrañar que no puedan ni verme [refiriéndose a artistas e psiquiatras] cuando digo que el niño no crea, que no genera una obra —en el sentido artístico de la palabra—, no inventa fórmulas raras, sino que obedece a una inagotable necesidad determinada por su programa genético” (Stern 2014). Arno crea en París un lugar (*Closlieu*) onde xente de calquera idade se xunta a pintar libremente, sen instrucións, sen xuízos, sen inhibicións, sen competición, sen pretender nada: só polo pracer que proporciona a actividade en sí mesma, sen esperar recompensa nin froito nin valoración artística. Nada se fai alí para exhibilo ou cargalo de mensaxes. “É importante, para o seu equilibrio, que a persoa teña a posibilidade de escapar á vixianza e de entregarse a un acto non intencional. Cando o meniño pasa do turbillón á figura redonda, atácao o racionalismo adulto preguntandolle *É bonito. ¿Qué representa?* Realmente non representa nada pero é algo: é unha figura primaria da Formulación. *A teoría da Formulación* deu lugar á unha disciplina nova: a semioloxía da expresión na que hoxe xa traballan biólogos, antropólogos, xenetistas, psicólogos, neurofisiólogos e mesmo prehistoriadores. Véxase <http://www.arnostern.com/>

49 Supoño que se refire a A. R. Diebold que poucos anos antes empezara a publicar artigos sobre a influencia do bilingüismo na formación e desenvolvemento da personalidade (Diebold 1964 e 1968).

Tras este debate, os artigos quedan así:

Artigo 14.1 Educación Preescolar
<b>La educación preescolar comprende juegos, actividades de lenguaje, incluida, en su caso, la lengua nativa,</b> expresión rítmica y plástica, observación de la naturaleza, ejercicios lógicos y prenuméricos, desarrollo del sentido comunitario, principios religiosos y actitudes morales.
Art. 17.1 Educación General Básica
<b>Las áreas de actividad educativa en este nivel comprenderán:</b> el dominio del lenguaje mediante el estudio de la lengua nacional, el aprendizaje de una lengua extranjera y <b>el cultivo, en su caso, de la lengua nativa;</b> los fundamentos de la cultura religiosa; el conocimiento de la realidad del mundo social y cultural, especialmente referido a España; las nociones acerca del mundo físico, mecánico y matemático; las actividades domésticas y cuantas otras permitan el paso al Bachillerato, así como la capacitación para actividades prácticas que faciliten su incorporación a la Formación Profesional de primer grado.

A cousa non quedou aí. O debate fora tan intenso durante toda a elaboración da Lei, que este asunto pasou a establecerse como un dos fins da educación en tódolos seus niveis e modalidades, no primeiro artigo da Lei:

Art. 1.3. <b>La incorporación de las peculiaridades regionales, que enriquecen la unidad y el patrimonio cultural de España,</b> así como el fomento del espíritu de comprensión y de cooperación internacional.
--

Que o ambiente non era totalmente propicio ó cambio percíbese neste detalle: o debate parlamentario foi difícil, a pesar de que o Ministerio en 1969 xa incluía literalmente este obxectivo no seu *Libro Blanco*:

En las regiones bilingües se podrán completar estos conocimientos lingüísticos con el estudio de la lengua vernácula respectiva (MEC 1969: 213, 20).

Estamos aínda lonxe da cooficialidade das linguas e dos debates da segunda década do século XXI pero non se bota por ela cando se di que esas palabriñas foron un paso enorme, por se-lo primeiro, no recoñecemento de que España é un Estado plurilingüe e rico en diversidade cultural.

Alonso Montero comentou a picardía parlamentaria de Filgueira en traer ó seu rego a autoridade, indiscutida naquela Cámara, de Ángeles Galino e dun seu libro *Tres hombres y un problema. Feijoo, Sarmiento y Jovellanos ante la educación moderna* (CSIC 1953).

O libro, por certo, non aborda, nin no caso de Sarmiento, a cuestión lingüística nas áreas bilingües españolas. Está claro que naquel conclave onde ninguén, ou case ninguén, lera aquel “libro bellissimo”, o efecto esperable estaba conseguido,

momento no que Filgueira volve a Sarmiento, unha devoción tan vella como constante na súa bibliografía. De 1926 data o seu artigo “O P. Sarmiento e o ensino do galego”, e virían, despois, algúns libros esclarecedores: e multitude de estudos e artigos (Alonso 2015: 265).

A cita de Ángeles Galino era innecesaria pero, ademais de ser unha eficaz *captatio benevolentiae*, abría a posibilidade de, se se dese o caso, traer ó debate a doutrina do P. Sarmiento verbo do papel da lingua galega no ensino. Non é banal, porque, como lle contaría moito despois nunha entrevista a Luca de Tena (epígrafe 7), sabía que outros procuradores andaban buscando no arquivo das Cortes unha intervención contraria de Unamuno nas Cortes da República. A sesión, de tensión calmada, acabou ben.

#### 6.7. A NOTICIA CHEGA A GALICIA

A noticia chega a Galicia e Ramón Piñeiro dille a Del Riego nunha carta de 11/V/1970:

Como queira que a aprobación dos artigos 14 e 17 da nova Ley de Enseñanza teñen unha transcendencia enorme na historia da nosa lingua, coido que non podemos silenciar o acontecemento. Precisamente o *Grial*, órgano máximo da cultura galega, debe rexistrar o feito. Pensei que unha maneira sinxela e sería de o rexistrar sería ofrecer o documento histórico da nosa participación no feito. Nese caso, Rosón e Filgueira foron os portavoces dos dereitos da nosa lingua. Por iso procurei os textos do seus discursos. Coido que, cunha nota introductoria, sirven moi ben para o noso fin e, en certo xeito, correspondemos cos protagonistas. A introducción pódela modificar como che pareza, porque coido que non debe ir firmada senón que debe ser como un comentario da mesma revista e, xusto por iso, impersoal. (Fernández 2000: 254-255).

A nota, longa por certo e anónima, saíu no *Grial* 28 (1970), 237-242. Alí poden lerse íntegras as dúas intervencións históricas de Antonio Rosón e de Filgueira Valverde.

A nota de *Grial* empeza así:

De acordo cos artigos 14 e 17 da nova *Ley de Enseñanza*, nas rexións bilingües a lingua nativa será cultivada na educación preescolar e máis na formación lingüística do ensino básico. Trátase dunha novidade moi importante na orientación cultural española, xa que, deica agora, o ensino oficial non tiña en conta a pluralidade das linguas españolas e limitábase ao uso escrusivo da lingua estatal.

Dende agora, a Lei asume como obriga o respecto a todas as linguas hispanas e o amparo do seu cultivo docente.

A importancia desta novidade refírese de modo inmediato á eficiencia do ensino, que será tanto maior canto máis se axeite á realidade sobre a que vai actuar. Pro, a maiores desta importancia, verdadeiramente fundamental, da eficiencia do ensino, tamén se aprecia neste feito novo unha característica igualmente interesante: a de un cambio de mentalidade na visión da realidade española. Semella que a evolución natural do país tende a substituír a vella idea de España, baseada na abstracción centralista e uniformadora da estrutura estatal, por unha idea tomada directamente da realidade española, na súa viva e creadora diversidade.

E tras sinalar atinadamente que a “renovación da idea de España” depende tamén de que esta Lei se aplique, xa que foi aprobada por unanimidade, anota que no debate dos artigos 14 e 17 (do 17/IV/1970)

dúas voces galegas erguéronse pra defender os dereitos das linguas vernáculos –que unha curiosa hiperrestesia etimoloxista da Comisión preferiu denominar *nativas*– a de Antonio Rosón, procurador por Lugo, e a de Filgueira Valverde, procurador por Pontevedra.

É sintomático que *Grial* no número seguinte (29 (1970): 307-316) reedite *Os nenos* (que Filgueira publicara en 1925) engadindo unha nota xustificatoria<sup>50</sup> que contén unha significativa errata. Filgueira, que, como queda dito, tiña editorial propia (Bibliófilos Gallegos), corresponde a esa cortesía de Galaxia entregándolle para edición *Quintana viva* (1971), libro no que, ademais d’*Os nenos*, inclúe orixinais inéditos como *Artistas aldeáns*, *Obradoiro* e *Os nomeandeiros*, unhas prosas que teñen a tenrura de Castelao e a fantasía de Cunqueiro.

#### 6.8. UNHA PORTA POUCO ABERTA OU UN PAÍS POUCO PREPARADO?

É certo que por primeira vez unha lei española de educación recoñece a existencia da lingua galega e admite o seu uso no ensino. 1970 chega setecentos anos despois das *Cantigas de Santa María* redactadas na Corte real en Toledo. No medio unha ferida que a sociedade galega foi cicatrizando como puido durante máis de catrocentos anos.

50 “A nosa literatura infantil está agora nunha espranzadora agromada. Conta con poucos antecedentes. Como amosa de anteriores tentativas, reproducimos hoxe estas breves narracións que, co título de OS NENOS, publicou Filgueira Valverde no ano 1952 [en realidade 1925], en edición limitada de douscentos cincuenta exemplares”.

Aínda que os documentos en galego desapareceran de vez no primeiro terzo do XVI, aínda que o P. Sarmiento difundiu entre xente escolmada que era *bárbara crueldad* negarse a utiliza-lo galego no ensino e na liturxia, aínda que a aparición dos Cancioneiros medievais demostrara xa a importancia internacional da lingua galega na época medieval, aínda que neste 2015 a permisividade lingüística da Lei Villar Palasí nos pareza con razón pouca cousa, o feito é que custou conseguila. E, de conseguida, o impacto social non foi o soñado, como adoita pasar co traballo galeguizador. Nin tódolos xornais destacan a noticia da aparición do galego no ensino. Os comentarios de satisfacción teñen que bregar con galegos que se adiantan a mostrarse contrarios. E, como acontecera un ano antes coa autorización do galego na liturxia (6/1/1969), que nos colleu sen unha Biblia en galego e sen unha demanda suficiente (máis ben todo o contrario)<sup>51</sup>, a entrada do galego no ensino colleunos sen unha forte demanda social e sen ferramentas. Mentres os euskaldúns xa tiñan en funcionamento unha rede de ikastolas e os cataláns tiñan, entre outras cousas, o prestixioso círculo didáctico Rosa Sensat, en Galicia só tiñamos algunhas reflexións de Ramón Piñeiro (1967) e de Alonso Montero (1968a, 1968b) e algúns coches circulando cos adhesivos *Falemos galego* e *Galego na escola*. Quizais o primeiro libro de texto para introduci-lo galego sexa o de Alonso Montero (1970), porque o Instituto da Lingua Galega aínda se crea ó ano seguinte (1971), ano no que empezan a aparece-los seus sobranceiros métodos *Gallego 1* (1971), *Gallego 2* (1972) e *Galego 3* (1976): por certo, Filgueira sería Vogal do Padroado do ILG dende 1972. É sintomático que os nenos galegos non dispuxeron dunha revista infantil en galego con didáctica lúdica ata 1975 (*Vagalume*), que en 1978 recibiu a compañía doutra: *As Roladas*.

Daquela alimentámonos co primeiro estudo amplo dos aspectos educativos que fixo o do M.E.C. en 1971 (*Planificación de la Educación: Galicia*) e co informe da Fundación FOESSA que en 1970 deu os primeiros datos empíricos sobre a situación sociolingüística do galego (Fundación Foessa 1970; Iglesias 1990). A conciencia da lingua empezou a medrar e con ela os debates sobre a saúde da lingua fixéronse vivos. A forza da situación fixo aparecer colectivos de profesores que crearon –e nalgúns casos aínda hoxe seguen creando– materiais didácticos innovadores para o ensino en galego. Lembro aquel *Picariños. Falar, xogar e ler. Método galego de lectura*

51 Repítese aquí o que pasara coa liturxia: autorizada a liturxia nas linguas modernas polo Concilio Vaticano II en 1963 e polo Episcopado Español en 1965 para castelán, vasco e catalán, o Episcopado de Galicia non preparara a lingua galega para esa función litúrxica, deste xeito, o espazo sacro que o latín deixaba na liturxia foi ocupado en Galicia só polo castelán. E tivo catro anos de exclusividade para consolidalo, porque o galego non foi autorizado na liturxia ata o 7/1/1969. Foi unha iniciativa das bases clericais e laicas a que puxo en marcha a versión íntegra do Misal (1968) e da Biblia (1989) e outros libros litúrxicos íñan chegando lentamente. Cos libros de texto pasou igual. O primeiro libro de texto en galego para unha materia diferente do propio galego probablemente foi o de Matemáticas do colectivo Vacaloura (1979).

*i escritura*, que en 1975 puxo na rúa a Asociación de Mestres da Coruña. Galaxia tamén publica en 1971 o *Plan pedagóxico galego*, un ensaio do Grupo de Traballo de Londres (Teresa Barro, Xavier Toubes, Carlos Durán, Fernández Gasalla e Fernando Pérez-Barreiro Noya) e en 1974 *A lingua galega na escola* de Valentín Arias (Arias: 1970). Aparecerá en *La Región* o Semanario *Axóuxere* (Alonso Montero e Paco Martín). Antía Cal empezará a traer a Vigo membros da asociación catalá Rosa Sensat, e vanse artellando diferentes grupos de renovación pedagóxica, que traballan na creación de materiais didacticos segundo as diferentes materias dos asociados.

As cousas foron medrando e estendéndose lentamente ata que apareceu un novo marco legal: a Constitución de 1978 que lle recoñeceu ó galego o carácter de lingua cooficial en Galicia propiciando en 1979 un provisional Decreto de Bilingüismo (Decreto 1981/20/VII/1979) que regulou a incorporación da lingua galega ao sistema educativo en Galicia ata que finalmente o Estatuto de Autonomía (1981) e a lexislación derivada (Lei de Normalización Lingüística, 1983) empezaron a darlle á lingua galega un *status* legal normal.

#### 6.9. IMPRESIÓNS INICIAIS DE FILGUEIRA TRALA APROBACIÓN DESTA LEI

Pero volvamos a Filgueira en 1970. Na entrevista que inmediatamente<sup>52</sup> lle fixo, Perfecto Conde para a revista *Chan* que se facía en Madrid (Conde 1970) preguntalle se considera que a nova Lei cumpre os compromisos asumidos por España na UNESCO.

Los artículos 1º, apartados 4º y 17º abordaban el tema. Las enmiendas a esos dos artículos trataron de mejorarlos, de acuerdo con las normas generalmente difundidas. Las que se formularon al artículo 14º y felizmente prosperaron vinieron a llenar el vacío que se sentía en la enseñanza preescolar. El discurso de mi compañero Antonio Rosón, que me precedió en el uso de la palabra, se orientó especialmente a este aspecto. Creo que tanto él como los procuradores que apoyaron nuestra tesis o la plantearon con anterioridad, en los primeros artículos, han cooperado, con eficacia a que pueda darle una respuesta afirmativa.

52 A entrevista parece indicar que a Lei xa está aprobada (feito que se produciu no Pleno das Cortes o 23/VII/1970) pero o que están aprobados son os quentes artigos relativos ás linguas (17/IV/1970), porque Filgueira di que leva “cerca de 50 intervenciones por disentir” (cando, segundo a documentación das Cortes, presentou emendas a 96 artigos); porque na segunda resposta aínda fala de argumentos “que esgrimiremos”; porque a entrevista non é instantánea senón por escrito; e porque o número que cito da revista *Chan* aparece como da primeira quincena de xuño de 1970 e a votación final no Pleno das Cortes foi posterior. No que, despois das batallas nas Comisións, debía ser un trámite Filgueira non puido estar por un baixón de tensión (véxase no cadro da epígrafe 6.11 referido ó día 23/VII/1970 o telegrama ó Presidente de las Cortes).

## Pregúntalle polo cambio de linguas vernáculos a peculiaridades regionais

Conviene aclarar que fracasó el intento de “añadir” en ese punto una referencia concreta a las lenguas vernáculos. La defendieron Viola (a quien me adherí), Araluce, Fanjul, Enseñat, Villalta, Escudero, Fugardo, Mir, Puig, Salinas, Bosch... Retirada por Viola la enmienda después de que la ponencia se manifestó en contra, hice constar, con aplauso unánime que “quien aprueba la incorporación de las peculiaridades todas de las regiones, aprueba también la incorporación de la lengua vernáculo o nativa, su cultivo y uso. Por tanto, no queda de ninguna manera excluido, sino afirmado, un principio general que al llegar a la discusión de los artículos correspondientes esgrimiremos, puesto que la propia Ponencia ha dicho que, al hablarse de todas las peculiaridades, entre ellas queda incluida la más trascendental de las peculiaridades culturales, que es la de la propia lengua”. Esto permitió un planteamiento muy claro en la discusión del artículo 14, porque sólo se trataba ya de aplicar un precepto general.

O xornalista pregúntalle polo alcance real desta Lei para o desenvolvemento do galego

Creo que se ha dado un paso muy importante. Mucho dependerá de la reglamentación. Mucho de los propios gallegos. Que una ley no quede en letra muerta, es obra de todos.

Conde pregúntalle se esta Lei contribuirá ó desenvolvemento e convivencia dos homes e pobos de España:

Creo que es un elemento integrador, tanto en este reconocimiento como en la gratuidad de la enseñanza general básica y la orientación de los aprendizajes profesionales. Pero ya he dicho en otras ocasiones que no creo en el poder taumático de las leyes. Tiene que crearse una conciencia social.

O xornalista pregúntalle polas ocasións perdidas: “A nadie se le escapa ya que... ha despertado recelos en los sectores más exigentes. Tal es el caso del mantenimiento de la enseñanza privada o el régimen de autonomía de las Universidades”:

En este momento llevo cerca de 50 intervenciones, por disentir con otros tantos puntos de la Ley. Es muy difícil que pueda ser acertada y completa una Ley General. Quizá hubiera sido preferible una Ley de Bases, con estatutos complementarios. Pero creo en los aspectos positivos.

## 6.10. MEDIACIÓN DO PROCURADOR FILGUEIRA PARA A CREACIÓN DE NOVOS COLEXIOS PÚBLICOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA Ó ABEIRO DO NOVO MARCO LEGAL

Unha das novidades da nova Lei de Educación é a redución das Escolas Unitarias que, aínda que próximas ó domicilio rural, forzaban mestres e mestras a atenderen simultaneamente tódalas materias e tódolos niveis imaxinables. A Lei Villar Palasí, como queda dito, fixo nace-los Grupos Escolares nos que o alumnado se distribúe por niveis ou unidades. Para a provincia de Pontevedra tivo como consecuencia que nese ano 1970 o Ministerio inviste só na provincia de Pontevedra 121.672.729 pts. en novos colexios de Vigo, Pontevedra, Vilanova de Arousa, A Estrada e Ribadumia, que en moitos casos se dotan de televisores e de vivendas para mestres e conserxes. O Director General ou o propio Ministro comunican a Filgueira as sucesivas decisións por telegrama<sup>53</sup>. Entre as satisfaccións de Filgueira estaba a creación de tantos colexios en zona periurbana ou rural pero especialmente a dese Colexio de 32 unidades na Xunqueira de Pontevedra, porque viña dar un paso máis no vello soño de converte-la Xunqueira no que hoxe é: zona estudiantil (ensino básico, medio e universitario), zona deportiva (Pavillón e Estadio) e zona de Congressos e Exposicións<sup>54</sup>.

Subvencións públicas para creación ou mellora de colexios nacionais que o Ministro ou o Director xeral lle comunican a Filgueira Valverde por telegrama persoal			
Ano 1970			
Datos do Arquivo Filgueira. Carpetas 405-1 e 405-2			
Topónimos segundo a grafía dos telegramas			
Data	Colexio	Concello	Cantidade
24/VII/1970	20 Un. Escolares - 6 vivendas mestres en Canido (S. Miguel de Oia)	Vigo	3.664.000
24/VII/1970	20 Un. Escolares - 6 vivendas mestres en Vilar (Lavadores)	Vigo	3.664.000
24/VII/1970	20 Un. Escolares - 6 vivendas mestres en Pereiró	Vigo	3.664.000
24/VII/1970	2ª metade Colegio Nacional en Tintorería-Corujo	Vigo	3.664.000
24/VII/1970	1ª metade Colegio Nacional en Puente-Cabral	Vigo	760.122
24/VII/1970	Nova subvención para Colexio en Vilar (Lavadores)	Vigo	760.122
s.d. lexible	Para Colegio en Salcedo	Pontevedra	2.087.600
7/XI/1970	Concesión de becas para a provincia de Pontevedra por valor de	Provincia	2.017.000

53 Supoño que estas comunicacións tan detalladas non existirían, se, dalgún xeito, Filgueira non participase nos trámites previos a esas decisións ministeriais.

54 Nótese que só o suliñado corresponde a obras da Corporación Municipal que presidiu Filgueira.

Data	Colexio	Concello	Cantidade
10/V/1970	Construción Colegio 10 Unidades e 4 Vivendas en Iglesia Candeán	Vigo	2.046.460
20/V/1970	1ª metade construción Colegio 10 Unidades en Sampayo. Lavadores.	Vigo	1.993.600
20/V/1970	1ª metade construción Colegio 20 Unidades + 6 Vivendas en Teis	Vigo	3.664.635
20/V/1970	1ª metade construción Colegio 20 Unidades + 6 Vivendas en Puente. Cabral	Vigo	3.664.635
20/V/1970	Construción 1ª metade Colegio 10 Unidades e 6 Vivendas en Alcabre	Vigo	2.046.460
s.d. visible	Construción Colegio 8 Unidades e Vivenda Conserje en Campañó	Pontevedra	2.566.592
s.d. visible	Ministro. Ampliación sección Isla DArosa	V. Arousa	4.243.088
s.d. visible	Ministro. Colegio Nacional Junquera (PO) 32 seccións	Pontevedra	18.303.718
s.d. visible	Ministro. Colegio Nacional Picacho (Vigo) 32 seccións	Pontevedra	15.868.473
s.d. visible	Ministro. Ampliación de Administración San Pelayo de Navia	Vigo	2.637.499
s.d. visible	Ministro. Ampliación S. Pedro de Sárdoma	Vigo	3.591.256
s.d. visible	Ministro. Ampliación Bembrive	Vigo	2.406.458
s.d. visible	Ministro. Ampliación Cabral- Carballal	Vigo	2.637.499
s.d. visible	Ministro. Ampliación en Matamá	Vigo	2.637.499
s.d. visible	Ministro. Ampliación Carneiras	Vigo	2.406.458
s.d. visible	Ministro. Ampliación Teis. Espiñeiro	Vigo	3.591.256
s.d. visible	Ministro. Colexio 24 unidades en Rocío - Bouzas.	Vigo	13.310.276
6/IX/1970	Construción Colegio 10 unidades en Iglesia Candeán	Vigo	2.046.462
6/IX/1970	Construción Colegio 10 unidades + 4 vivendas en Sampayo - Lavadores	Vigo	2.046.462
6/IX/1970	Subvención Ayuntamiento de Vigo ampliación Instituto de Educación Especial	Vigo	2.160.000
5/XI/1970	Obras en Escuela y vivienda en la Estrada	A Estrada	24.408
5/XI/1970	Explanación e obras no C.N. de Ribadumia	Ribadumia	1.498.691
/X/1970	Dir. Gen. Enseñanza. Eugenio López. Dir. Gen. Eugenio López. Ampliación de Crédito a la Junta Provincial Construcciones (Reparacións)		6.000.000
	<b>TOTAL</b> Concellos beneficiarios: Vigo (16), Pontevedra (3), Ribadumia, A Estrada e Vilanova de Arousa		<b>121.672.729</b>
/X/1970	Dir. Gen. Enseñanza: <i>Nombre señor Ministro celebros notificarle concesión noventa televisores colegios nacionales esa provincia.</i>		<b>90 televisores</b>

6.11. FRAGMENTOS DE CARTAS RECIBIDAS OU EMITIDAS POR FILGUEIRA EN 1970  
 DURANTE A TRAMITACIÓN DA LEI VILLAR PALASÍ  
 (Arquivo Filgueira Valverde. Caixas 183-14 e 405-1)

Caixa 183-14		
Remitente	Contido	Resposta
Tomás García de la Santa. Departamento de Filología Latina. Universidad de Valladolid.	25/V/1970 <i>Deseo expresarte nuestro reconocimiento por cuanto estás haciendo en la Comisión de Educación en beneficio de todos. No es culpa tuya que los resultados no correspondan a nuestras aspiraciones y criterios. Creo necesario decirte esto en vista de que algunos compañeros, mal informados, han pretendido alzarse con el santo y la limosna.</i>	
Carta de Juan Maluquer de Motes. Prehistoriador e Decano da Facultade de Filosofía y Letras da Univ. de Barcelona.	19/VIII/1970 <i>Durante meses he seguido con gran interés tus intervenciones en el debate de la Ley de Educación, siempre muy razonables y efectivas con las que ciertamente has mejorado en no pocos aspectos el proyecto anterior. Te felicito vivamente por ello y te doy las gracias en nombre de muchos compañeros. Espero que tengas intervención en la redacción de los reglamentos y decretos pues de otro modo Dios nos coja confesados.</i>	[25/VIII/1970] XFV responde: <i>Gracias por tus cariñosas palabras sobre mis intervenciones en el Proyecto de Ley. Creo que procuré ser intérprete de la experiencia y del sentido común, sin oratoria y sin acritud. Veremos lo que el tiempo reserva a la aplicación de la Ley. Por de pronto la educación en España era un enfermo grave y cualquier cambio de postura traerá un alivio... En cuanto a que me consulten para la reglamentación, eres un optimista.</i>
Antonio M. López Pavón. Director escolar.	19/V/1970 <i>Le expreso profundo agradecimiento por su actuación con motivo de la discusión del art. 60 del Proyecto de Ley General de educación. Respetuosamente AMLP. Director escolar.</i>	
Asociación Nacional de Estudiantes de Comercio.	18/VI/1970 <i>Queremos patentizar nuestro más sentido agradecimiento por la labor que ha llevado a cabo en defensa de las Enseñanzas Mercantiles.</i>	
Instituto Zorrilla de Valladolid.	21/VII/1970 <i>El Claustro decide por unanimidad enviar acuerdo del Claustro al Ilmo. Sr. D. José Fernando Filgueira Valverde, Procurador en Cortes y Catedrático y Director del I.E.M. de Pontevedra, agradeciéndole su gestión.</i>	28/VII/1970. Filgueira responde: <i>He procurado sencillamente, en la discusión de la Ley, cumplir con mi deber, exponer lealmente mis criterios, tener siempre mi experiencia y mi voz al servicio de la tarea a que nos entregamos por vocación y con entusiasmo.</i>

Remitente	Contido	Resposta
Telegrama do Presidente das Cortes.	[23/VII/1970] <i>Pleno Cortes Españolas dia veintiocho de julio once de la mañana. Encarézcole asistencia a efectos articulo 62 reglamento cortes.</i>	Carta ó Presidente de las Cortes (Alejandro Rodríguez de Valcárcel). <i>Tengo que justificar mi falta de asistencia al Pleno del 28. El médico no me deja hacer el viaje: una caída brusca de tensión, que nos alarmó un poco, que no parece importante, pero que me obligó a cambiar el plan de trabajo del verano y a suspender los desplazamientos. // La asiduidad y lo continuado de mis intervenciones, sin duda excesivas en número, aunque breves, en la discusión del proyecto, ayudarán a disculpar mi falta de asistencia a la sesión plenaria.</i>
Telegrama do Presidente das Cortes.	[23/VII/1970] <i>Pleno Cortes españolas dia veintiocho de julio once de la mañana. Encarézcole asistencia a efectos articulo 62 Reglamento Cortes.</i>	<i>Mi respetado amigo y Ministro. Por prescripción médica, me veo obligado a faltar al Pleno de las Cortes en que va a ser votada la Ley de Educación que llevará su nombre. He puesto en la discusión toda la asiduidad y el estudio que me fue posible. Defendí los que a mi ver son en ella grandes aciertos y discutí apasionadamente muchos de sus artículos, pensando que el mejor servicio que puede rendir un Procurador, sobre todo cuando posee experiencia del tema, es poner también su disconformidad al servicio de la mejora del texto legal. Siento no poder asistir a la sesión. Deseo muy de veras que el éxito de la Ley responda al entusiasmo, al tesón y al esfuerzo que el Ministro ha puesto en ella. A las órdenes y un fuerte abrazo al amigo.</i>
Caixa 405-1		
Carta de 23 Alumnos de Ciencias de la Educación. Sección de Educación Especial (Madrid).	19/I/1970 Piden entrevista para a Lei Educación.	
Ministro de O. Públicas (F. Silva Muñoz).	[11/V/1970] <i>Agradecéndolle a amable carta que me ha dirigido con motivo de la terminación de mi gestión [...] He agradecido mucho su carta, por venir de Vd. y por el afecto con que está escrita. Sabe que le cuento entre mis mejores amigos y que puede disponer de mí en cuanto necesite.</i>	[15/IV/1970] Carta a Federico Silva Muñoz [exministro de Obras Públicas (Silva Muñoz). <i>Agradecéndolle su esfuerzo por mejorar la vida de Galicia, rompiendo mediante comunicaciones eficientes su carácter "insular". Una acción espontánea, admirable, que culminaba estos días con el anuncio a información pública del tramo</i>

	<p><i>Si en algún momento viene por Madrid y quiere verme, no tiene más que llamarme.</i></p> <p>Contén un Plano do trazado das novas vías.</p>	<p><i>decisivo de la vía de penetración, el trozo Ponferrada – La Rúa. Pocas veces me he sentido, como Procurador de elección familiar, investido de una adhesión general como en estas palabras en las que quiero expresar el sentir de mis paisanos. Gracias por todo y que el futuro le reserve felices ocasiones de entregar a España el ejemplo de su actividad y eficiencia.</i></p>
<p>Carta de XFV a Raúl Vázquez Gómez, subdirector general de Enseñanza Media y Profesional.</p>	<p>15/I/1970</p> <p>Fálalle das tremendas deficiencias do Instituto (novo) [actual Sánchez Cantón] de Pontevedra, que se construíra cando se decidiu desdobra-lo Instituto histórico en Feminino e Masculino. Filgueira optou por ir para o novo pero tiña tales deficiencias de estrutura que houbo que derrubalo e reconstruílo con máis sólida estrutura.</p>	<p><i>... edificio no recibido oficialmente, no terminado realmente, paupérrimo para un centro de capital de provincia e insuficiente en casi todos sus servicios, sin aulas de reserva para los doblamientos, sin cierres etc. etc. Pide un edificio novo e dotación de profesorado. Convida a vir dar unha conferencia.</i></p>
		<p>[17/XI/1970] Carta a D. Aníbal Domínguez García. Prohombre de la Hermandad Sindical de Labradores y Ganaderos de BUEU</p> <p><i>Mi distinguido amigo: Recibí oportunamente la moción sobre Seguridad Social Agraria y he contribuído con mi firma y con mi apoyo moral a algunas de las enmiendas que se han formulado en este sentido. Siento mucho no pertenecer a la comisión de agricultura y no poder por lo tanto actuar como miembro de la comisión a favor de una iniciativa que juzgo tan justa. Por desgracia son pocos los gallegos que forman parte de ella, pero estoy seguro de que la apoyarán.</i></p>

## 6.2. OUTRAS INICIATIVAS DO PROCURADOR FILGUEIRA

Regueiro Tenreiro indica que participou na Comisión de investigación parlamentaria verbo do caso MATESA (exportacións parcialmente falsas de maquinaria téxtil para cobra-los incentivos á exportación) (Regueiro 2015: 396). Confirmao o ABC (3/IX/1969).

## 7. FILGUEIRA SOMÉTESE A EXAME

Nunha entrevista que lle fixo Luca de Tena n'A Nosa Terra (8/XI/1990) Filgueira fala da súa actividade de político e reconece que cometeu erros. Pero aquel home de 84 anos espera que merezan a consideración de erros útiles para Galicia.

**Cando foi elixido [para o Consello da Cultura Galega] dixo que tiña cometido moitos erros.**

Reitéroo. Coido que a miña vida pública comezou aos 13 ou 14 anos e se agora fago exame de conciencia sería absurdo que non atopase moitísimos erros. Á parte dos que puideron cometer en política, no trato coa xente, nas iniciativas... á parte disto, nunha produción literaria tan ampla, que cantidade de disparates históricos non terei dito? Mentres o home manteña un senso autocrítico é normal. Cando coida que todo o que fai está ben e perde o don de escoitar os demais –isto pasa moito agora– e perde o don da memoria histórica do propio... Esa cousa dos intocábeis é ridícula. Xa o país padece unha crise de memoria histórica para que por riba nos esquezamos do que temos feito ben e do que temos feito mal.

**E como podería singularizar eses erros?**

Ah, non. Iso non... En tantos anos é tal o número de erros que non caberían nunha entrevista. Ha, ha, ha. En todas as entrevistas que me teñen feito xa teño contestado. Tamén cando escriba sobre a miña experiencia non me vou recrear nos meus erros. Iso é algo que teño que ter presente eu para non incidir outravolta en cousas semellantes pero non podo pretender que outros sigan o exemplo...

**Foi un erro ter sido alcalde de Pontevedra?**

Algúns erros valeron para algo. Podo entender que foi un grande erro ter sido alcalde pero podo recoñecer que tivo a vantaxe de poder defender a zona monumental, facer o campo de deportes, o pavillón...

**E ser procurador en Cortes?**

Pero ¿en que circunstancias e con que votos logramos hai hoxe vinte e cinco anos que se consagrara o galego na escola? Cando hoxe se le non se cre. Na Lei de Educación, Antonio Rosón e mais eu defendemos o galego como lingua vehicular. Están publicados os discursos na revista *Chan*. Non se lembra? O meu estaba en galego<sup>55</sup> e remataba coas palabras de Sarmiento “es bárbara crueldad...” Tiveramos que apurar a votación porque arriba na multicopista estaban a facer copias do discurso no que Miguel de Unamuno atacaba as linguas rexionais, para que a xente votase en contra. Pode ser un erro ter participado na Lei de Educación? Pode. Pero pode ser unha vantaxe ter logrado iso e outras cousas que había no mesmo texto, que supuxo un paso moi importante. Teña conta que daquela se lograra tamén que o Ministerio de Educación publicase un libro no que facía constar que o 84% da poboación galega falaba o galego...

55 O *Boletín oficial de las Cortes* só rexistrou en galego a frase final e, por certo, cunha errata (\*voslo por volo).

Non dei encontrado esa referencia ó 84% de falantes en 1970 pero si é certo que en dous libros altamente técnicos (dos que nunca se citaron os autores participantes pero que coñecían moi ben Galicia) publicados polo Ministerio de Educación, de España dise en 1969: “En las regiones bilingües se podrán completar estos conocimientos lingüísticos con el estudio de la lengua vernácula respectiva” (MEC 1969: 213, 20) e en 1971 dise: “Existe una lengua y una importantísima cultura popular en Galicia, y hay que tenerla en cuenta a todos los niveles” (MEC 1971: 23).

## 8. SÍNTESE SEN CONCLUSIÓN

Sen ter dedicación exclusiva ó cargo de procurador en Cortes, sen aparente min-gua do seu ritmo vital de profesor, de director de Museo e de alcalde, con máis de 100 títulos (de artigos, conferencias ou libros) publicados neste mesmo período e sen ter detrás o apoio dunha organización que o alimentase de ideas e borra-dores, Filgueira tivo nas Cortes durante doce anos unha actividade intermitente pero intensa. Hai material para unha tese de doutoramento nesa Facultade que el axudou a crear en 1966<sup>56</sup>. De canto eu lin podo dicir que as súas intervencións tiveron que ver primordialmente con facer máis racional o ensino primario, medio e universitario, coa coeducación, coa importancia da ximnasia<sup>57</sup>. Tamén coa xes-tión municipal. Pero que propuxo que as nais e mailos mozos e mozas maiores de 21 anos puidesen votar e seren elixibles; que pediu un tratamento fiscal especial para as cidades con zona monumental e para a frota pesqueira; e que colaborou a inicia-la formalización do Dereito Galego. Que Galicia foi, tamén nas Cortes, o concepto que centrou o seu traballo. Que en todo isto puxo traballo sen descanso<sup>58</sup>, a súa inusual produtividade e o seu estilo<sup>59</sup>. E que as moitas intervencións que lle lin podería pronuncialas sen retoque no posterior Parlamento democrático.

56 Queda dito que este traballo está feito só cunha escolma de documentos escritos do arquivo das Cortes Españolas. E, por parte, supoño como obvio que a maior parte do traballo parlamentario queda oculto en propostas, discusións e negociacións (por veces de corredor, de persoa a persoa) que só parcialmente chegan despois a quedaren rexistradas nas Actas das Comisións ou Plenarios.

57 Non vin pero estráñame que non fixese intervencións verbo da importancia da música e do teatro na educación. En calquera caso para el (como lle di en carta a Maluquer de Motes [25/VIII/1970]) “la educación en España era un enfermo grave y cualquier cambio de postura traerá un alivio”.

58 Filgueira considerábase un *trapeiro do tempo*, que aproveitaba calquera momento perdido (*La Voz de Galicia* 29/VII/1988).

59 Lendo quizais máis de mil intervencións daquelas Cortes, chama a atención que aqueles procuradores usaban unha cortesía que non permitía a invectiva nin case a ironía contra outro procurador. Filgueira xa falaba de seu con ese respecto con que todos o coñecemos despois en plena democracia; o que non impide que algunha vez mantivese con firmeza a súa opinión. Cando matizaba, ía ó fondo da cuestión. Poucas veces se limitaba a cousiñas de lingüista, aínda que algunha vez véselles a mirada profesional como cando pide que unha lei non diga “se reglamenta” senón “se establece” (24/VII/1965); ou cando outro procurador recolle unha proposta del de non confundir “Plan de promoción turística” con “Programa de promoción turística” e Filgueira comenta “Conviene mucho poner la sintaxis en orden” (10/XII/1963).

Non puido escolle-lo seu tempo, nin puido coñece-lo futuro. Por iso admitía que puido facer opcións erróneas. Pero traballou arreo por reconstruír unha Galicia que se definía polo patrimonio; pola autoconciencia; por ese soño de que Galicia “non dea a esquecemento canto tén de valía”. Disto faloume de palabra.

Está fóra da miña idea facer unha apoloxía, porque nas vidas máis exemplares aparecen, sen moito buscar, as imperfeccións inseparables da condición humana e porque Filgueira xa deixou o asunto cerrado cunha frase que repetía moito: “os acertos que encontredes son dos meus colaboradores; os erros son meus”. Só pretendín ofrecer datos contrastados. Será o lector quen faga o seu persoal xuízo do profesor - procurador Filgueira Valverde<sup>60</sup>.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

### Bibliografía primaria

ACE.BO = Archivo de las Cortes Españolas. *Boletín Oficial de las Cortes Españolas*.

No texto indícase o día da sesión correspondente.

ACE.NT = Archivo de las Cortes Españolas. *Notas Taquigráficas*. No texto indícase o día e as correspondentes papeletas da transcripción taquigráficas das sesións das Comisións correspondentes.

BOCE = *Boletín oficial de las Cortes Españolas*. No texto indícase o día da sesión correspondente.

LGE 1970 = *Ley General de Educación*. BOE 6/VIII/1970. Texto íntegro: <http://www.boe.es/boe/dias/1970/08/06/pdfs/A12525-12546.pdf>

LOE 1967 = *Ley Orgánica del Estado*, aprobada en referendo (14/XII/1966) e asinada por Franco (10/I/1967). BOE 11/I/1967. Texto íntegro: [http://www.congreso.es/docu/PHist/docs/8fran/ley\\_organica\\_estado.pdf](http://www.congreso.es/docu/PHist/docs/8fran/ley_organica_estado.pdf)

LOGSE 1990 = *Ley Orgánica General del Sistema Educativo*. BOE 4/X/1990. <http://www.educacion.gob.es/mecd/oposiciones/files/logse.pdf>

MEC 1969 = Ministerio de Educación y Ciencia (1969): *La educación en España. Bases para una política educativa* [popularmente bautizado e citado como *Libro Blanco de la Educación*]. Madrid: Secretaría General Técnica del Ministerio de Educación y Ciencia.

---

Por veces é aforístico: “Las Cortes son mucho más importantes porque preparan legisladores, que porque preparan leyes. Los Ayuntamientos son importantísimos porque preparan políticos”. Outras veces naquela fábrica das leis dá consellos de linguaxe xurídica emulando a sinxeleza expresiva das Leis das Doce Táboas, coma cando di “Es mejor prevenir pleitos que resolverlos” (22/II/1967).

60 [http://www.congreso.es/porta1/page/porta1/Congreso/Congreso/Hist\\_Normas/PapHist/CortEsp](http://www.congreso.es/porta1/page/porta1/Congreso/Congreso/Hist_Normas/PapHist/CortEsp)

MEC 1971 = Ministerio de Educación y Ciencia (1971): *Planificación de la Educación: Galicia*. Madrid: Ministerio de Educación y Ciencia. Servicio de Publicaciones. 396 páxs.

### Bibliografía secundaria

- Anónimo (1970): “A lingua galega na escola”, *Grial* 28, 237-242.
- Alonso Girgado, Luís (2016): “Xosé F. Filgueira Valverde na farrapeira lizgaira da prensa. Referencias italianas”, en Carmen F. Blanco Valdés e Ana M<sup>a</sup> Domínguez Ferro (eds.), *Madonna à 'n sé vertute con valore. Estudos en homenaxe a Isabel González*. Santiago de Compostela: Universidade; Córdoba: Universidad, 35-46.
- Alonso Montero, Xesús (1968a): “Cinco calas en la problemática de la lengua gallega”, en *Realismo y conciencia crítica en la literatura gallega*. Madrid: Ciencia Nueva, 27-56.
- (1968b): “Tres incisións na problemática do galego”, en *O porvir da lingua galega*. Lugo: Círculo de las Artes, 5-11.
- (1970): *O galego na escola*. Salamanca: Anaya.
- (2015): *Xosé Filgueira Valverde. Biografía intelectual*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Arias, Valentín (1970): “A lingua galega na escola”, *Grial* 29, 257-270.
- Cochón, Luís e Laura Mariño Taibo (eds.) (2015): *Filgueira Valverde homenaxe: “Quíxose con primor e feitura”*. Cadernos Ramón Piñeiro XXXI. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- Colectivo Vacaloura (1979?): *Matemáticas*. Santiago de Compostela: Tecnocopia Galicia.
- Conde Muruais, Perfecto (1970): “Las lenguas nativas en la enseñanza. 1. Documento. Discursos de los procuradores en Cortes señores Rosón Pérez y Filgueira Valverde. 2. Diálogo con Filgueira Valverde”, *Chan* 29, 9-14.
- Diebold, A. Richard (1964): “Incipient Bilingualism”, en D. Hymes (ed.), *Language in Culture and Society*. New York: Harper and Row, 495-511.
- (1968): “The consequences of early bilingualism in cognitive development and personality formation”, en E. Norbeck e outros (eds.), *The study of Personality. An interdisciplinary appraisal*. New York: Holt, Rinehart and Winston, INC., 218-245.
- Fernández del Riego, Francisco (2000): *Un epistolario de Ramón Piñeiro*. Vigo: Galaxia.
- Ferro Ruibal, Xesús (1996): *En louva do galego egrexio Xosé Filgueira Valverde*. Vigo: Fundación Premios da Crítica-Galicia.
- (2015a): “Xosé Filgueira Valverde. Biografía”, en [http://conseillocultura.gal/mediateca/extras/20150318\\_biografia-xfv.pdf](http://conseillocultura.gal/mediateca/extras/20150318_biografia-xfv.pdf) [Véxase versión

- revisada e actualizada Xosé Filgueira Valverde. Biografía breve e revisada en [filgueiravalverde.gal](http://filgueiravalverde.gal)].
- \_\_\_\_\_ (2015b) “Música de concerto para 73 poemas en galego. Filgueira e o Festival de la Canción Gallega de Pontevedra (1960-1967)”, en <http://www.filgueiravalverde.gal/estudios/item/164-musica-de-concerto-para-73-poemas-en-galego> [consulta: 30/XII/2015].
- Filgueira Valverde, José e Correa Calderón (1936): *Lengua Española y Literatura. Tercer curso*. La Coruña: Imp. Moret. (224 p. Reedición en 1938 con 221 páxs.)
- \_\_\_\_\_ (1937): *Lengua Española y Literatura. Primer curso*. Lugo: s.n. (158 p.).
- Filgueira Valverde, Xosé (1936a): *Agromar: farsa pra rapaces*. Lugo: Palacios.
- \_\_\_\_\_ (1936b): “Sobre el problema del bilingüismo en Galicia”. Museo de Pontevedra. *Arquivo Filgueira Valverde*. Signatura 183-2 (1/VII/1936). [Disponible para consulta en [filgueiravalverde.gal](http://filgueiravalverde.gal)].
- \_\_\_\_\_ (1961): *Lengua Española. Segundo curso*. Madrid: Prensa Española. 230 p.
- \_\_\_\_\_ (1964): *Arte literaria. Lengua española. Cuarto curso*. Madrid: Prensa Española. 355 p.
- \_\_\_\_\_ (1969): *Lengua Española y Literatura. Segundo curso*. Madrid: Prensa Española. 237 p.
- \_\_\_\_\_ (1969): *Lengua Española y Literatura. Tercer curso*. Madrid: Prensa Española. 252 p.
- \_\_\_\_\_ (1989): *V Adral*. Sada: Edición do Castro.
- \_\_\_\_\_ (2015): “Aucto de como Santa Maria foi levada aos ceos pra a festa de Nosa Señora de Agosto. Refeito con textos dos séculos XIII e XIV”, en *O Vigairo, A Monxa-Frade, Agromar, Aucto de Santa Maria*. Vigo: Galaxia, 325-340. (Primeira edición: *Grial* 25, 1969).
- \_\_\_\_\_ (2016a): *Xosé F. Filgueira Valverde: artigos en El Correo Gallego e La Noche*. Santiago de Compostela: Follas Novas. Edición a cargo de Luís Alonso Girgado.
- \_\_\_\_\_ (2016b): *José Filgueira Valverde en la prensa de Madrid. Artículos en ABC y Ya*. Santiago de Compostela: Follas Novas. Edición a cargo de Luís Alonso Girgado, Laura Piñeiro Pais e Noelia Estévez Rionegro.
- Fundacion Foessa (1970): “La comunidad regional”, en *Informe sociológico sobre la situación social de España*. Madrid: Foessa, 1261-1266 (cap. 18.6).
- Fortes Alén, M<sup>a</sup> Jesús (ed.) (1996): *Ó Dr. Filgueira Valverde nos seus noventa anos (1906-1996)*. Pontevedra: Caixa de Aforros.
- García Martínez, Carlos (2015): “Filgueira no «Padre Sarmiento»”, en *Cochón/Mariño* 2015: 273-290.

- Gurriarán, Ricardo (2013): *1968 en Compostela. 16 testemuños*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Iglesias Álvarez, Ana (1999): “Os estudos empíricos sobre a situación sociolingüística do galego”, *Cadernos de lingua* 19, 5-42.
- Luca de Tena, Gustavo (1990): “Entrevista a Xosé Filgueira Valverde”, *A Nosa Terra* 452, 12-13. (<https://biosbardia.wordpress.com/2014/07/21/xose-filgueira-valverde-definir-como-marxista-o-galeguismo-custoulle-a-vida-a-alexandre-boveda/>) [Consulta 31/XII/2015].
- Miranda Rubio, Francisco (1994): “Los procuradores de representación familiar en la novena legislatura franquista (1967-1971)”, *Príncipe de Viana* 203, 615-637.
- Piñeiro López, Ramón (1967): *A lingoaxe i as línguas. Discurso lido o día 25 de novembro de 1967 na súa recepción pública* [na Real Academia Galega], por Don Ramón Piñeiro López e resposta de Don Domingo García-Sabell. Vigo: Galaxia.
- Regueiro Tenreiro, Manuel (2015): “Filgueira Valverde: procurador en Cortes”, en Cochón/Mariño 2015: 379-403.
- Seminario de Estudos Galegos (1934): *Dez cursos de traballo 1923-1934*. Santiago de Compostela: O Seminario.
- Stern, Arno (2014): *Del dibujo infantil a la semiología de la expresión*. València: Carena Editors. [<http://familiasenruta.com/fnr-crianza/crianza-viajera/arno-estern/>].
- Torre, Rafael L. (2015): *Filgueira Valverde. Crónica de una alcaldía (1959-1968)*. Pontevedra: Tekla Comunicación.